Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a valoración polo Goberno galego do resultados de vendas nas lonxas galegas no ano 2018

- 42404 (10/POP-004965)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego da multa da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) a once empresas do sector da informática por actuar como un cártel no subministro de servizos ás administracións

- 42406 (10/POP-004966)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as medidas adoptadas pola administración galega na investigación dos sinistros ocorridos no mar o pasado mes de decembro e o seu resultado

- 42408 (10/POP-004967)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego da presenza do galego na administración de xustiza e as medidas que prevé levar a cabo para incrementar o seu uso como lingua oficial neste ámbito

- 42410 (10/POP-004968)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia ao respecto do rescate da concesión e supresión da peaxe na autovía AG 57

- 42418 (10/POP-004969)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación á plataforma loxística intermodal para o transporte de mercadorías no Porto Seco de Monforte

- 42382 (10/POP-004970)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da eficacia da súa política de recursos humanos para a atención primaria na última década

- 42426 (10/POP-004971)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a consideración pola Xunta de Galicia do posicionamento do pleno do Concello de Pontevedra en contra da ampliación da depuradora dos Praceres

- 42429 (10/POP-004972)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a posibilidade de inclusión da Serra do Galiñeiro dentro do Parque Natural do Monte Aloia

- 42431 (10/POP-004973)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións realizadas polo Goberno galego para demandar ao Goberno do Estado a mellora da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto

- 42438 (10/POP-004974)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións realizadas ou pendentes de realizar polo Goberno galego para frear o aumento do prezo da enerxía eléctrica

- 42447 (10/POP-004975)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que vai realizar o Goberno galego para impedir a perda de postos de traballo nos Centros de Ferroatlántica en Galicia

- 42450 (10/POP-004976)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración por parte do Goberno galego da posibilidade de solicitar á fiscalía que investigue se houbo delito no proceso de sentenza do imposto hipotecario

- 42454 (10/POP-004977)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para garantir as condicións de traballo do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, en Lugo

- 42467 (10/POP-004978)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia ante a posible parada de fornos en Ferroatlántica

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2018 09:44:49
Nº Rexistro: 42015
Data envio: 26/12/2018 09:44:49.413

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, José Manuel Pérez Seco e **Abel Losada Álvarez**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Un dos moitos enclaves termais que ten a provincia de Ourense, localízase no concello de Cortegada, que debido a súa fama durante moitos anos, chegou a ser denominado "Cortegada de Baños". A tradición mineiro-medicinal destas augas vén de moi atrás, fálase de que xa no século XV xa estaban documentadas estes mananciais, pero non foi ata finais do XIX, en pleno auxe das augas minerais, cando se comezaron a preparar as casas de augas e algunhas instalacións máis para albergar aos bañistas. Nas primeiras décadas do século XX construíuse en Cortegada un edificio-balneario que pronto destruíu unha crecida do río. A pesares de que o auxe do termalismo comezou a decaer debido primeiro á ditadura de Primo de Rivera e posteriormente pola guerra civil e a propia ditadura franquista, construíuse un edificio modernista novo que se acabou en 1937 e que na actualidade se atopa á beira do Miño. Varias urxencias, instalacións e antigos pilones termais quedaron asolagados para sempre, aínda así se recuperaron unha parte das augas mediante dúas perforacións. As augas son de mineralización débil, bicarbonatadas sódicas, fluoruradas, litínicas, sulfuradas e termais, e están indicadas para o tratamento de enfermidades do aparello dixestivo e afeccións dermatolóxicas. Adicionalmente, no ano 2015 abriuse ao público un balneario situado por riba do antigo e preto do miradoiro de O Coto da Pena.

No Consello da Xunta de Galicia celebrado o pasado 20 de decembro de 2018, autorizouse un convenio entre Cultura e Turismo e o Concello de Cortegada para, segundo se recolle na referencia do propio Consello "impulsar o proxecto de rehabilitación do edificio Baños de Cortegada, dotando dun uso sociocultural ao edificio, incluíndo unha área museística e de reunións e, en virtude da aplicación do Plan especial do Parque Termal de Cortegada, manter o seu uso hostaleiro cunha cafetaría no seu primeiro andar e na terraza con vistas ao río Miño. Ademais de pór en valor este edificio, coa súa rehabilitación dotaranse de servizos complementarios os turistas e visitantes que se acheguen a Cortegada e á provincia de Ourense".

CSV: REXISTRO-cAXpNv9df-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2018 09:44:49
Nº Rexistro: 42015
Data envio: 26/12/2018 09:44:49.413

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto a Xunta de Galicia comezar a rehabilitación do edificio Baños de Cortegada (Ourense)?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
José Manuel Pérez Seco
Abel Losada Álvarez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/12/2018 09:42:45

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/12/2018 09:42:51

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/12/2018 09:42:58

CSV: REXISTRO-cAXpNv9df-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2018 12:44:27
Nº Rexistro: 42038
Data envio: 26/12/2018 12:44:27.047

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

España é o terceiro país produtor de electrodomésticos da UE. O sector dos electrodomésticos é un dos máis importantes da economía, que non só está circunscrito á fabricación dos produtos, posto que é un indicador da situación económica e do consumo das familias - claramente resentido coa crise económica-. En Galicia, o sector dos electrodomésticos representa un 8,3 por cento do mercado nacional, o que supón a súa presenza no territorio e milleiros de postos de traballo en todo o país.

O 18 por cento do consumo enerxético do total de España provén dos fogares e o 50 por cento do consumo eléctrico do fogar corresponde aos electrodomésticos. Na actualidade, hai un gran parque de aparatos antigos, de altos consumos eléctrico e hídrico e que non se renova, sendo así que o 37 por cento dos aparatos que hai nos fogares ten máis de 10 anos.

Outras comunidades autónomas (Madrid, Euskadi, Estremadura, Aragón e Castela A Mancha) dispoñen de axudas para a bonificación de aparatos electrodomésticos, o que supón a potenciación dunha maior concienciación ambiental por parte da cidadanía; a redución de consumos enerxéticos, máis aforro no gasto enerxético dos fogares e a mellora da renda dispoñible por parte das persoas consumidoras; recollida máis selectiva de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos e unha axuda importante para os chamados "consumidores vulnerables". Pola contra, Galicia non dispón de ningún tipo de axuda dende o ano 2011 e iso que o impacto no gasto público sería escaso, dada a recuperación dunha boa parte das axudas vía IVE e imposto de sociedades.

CSV: REXISTRO-bTtcgszxg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2018 12:44:27
Nº Rexistro: 42038
Data envio: 26/12/2018 12:44:27.047

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai instaurar o Goberno axudas para a bonificación de aparatos electrodomésticos coa máxima clasificación enerxética (A+++) a través dun plan renove con entidades colaboradoras?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/12/2018 12:41:08

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/12/2018 12:41:14

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/12/2018 12:41:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/12/2018 12:41:25

María Luisa Pierres López na data 26/12/2018 12:41:29

CSV: REXISTRO-bTtcgszxg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2018 12:50:20
Nº Rexistro: 42043
Data envio: 26/12/2018 12:50:20.793

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Flora María Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA para a súa resposta oral en Pleno.

Durante a penúltima semana de decembro a Consellería do Mar notificou a diversas confrarías de Galicia: Carril, Vilaxoan, Rianxo, Aldán, Ferrol e Barallobre, a denegación do pago das axudas técnicas que perciben.

Estas axudas son utilizadas polas confrarías para aboar as nóminas de vixiantes ou biólogos a pesar de que dende En Marea sempre defendemos a necesidade da creación dun corpo amplo e suficiente de vixiantes para evitar que sexan as confrarías e as mariscadoras quen asuman estes traballos impropios, esta decisión supón un ataque directo a pervivencia dos pósitos en cuestión e unha ameza para os demais, xa que en algún caso trátase de decisións con carácter retroactivo.

En todo caso a Xunta está a tempo de rectificar, sobre todo cando se atenden ás escasas razóns aducidas pola Consellería nas notificacións que teñen recibido as confrarías. Dende o noso grupo entendemos que salvo vulneracións e ou incumprimentos graves da normativa, esta decisión é cando menos desproporcionada.

Por todo isto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Como vai a Xunta a resolver os problemas de supervivencia das confrarías afectadas se mantén esta decisión?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2018.

CSV: REXISTRO-edtBbWw6u-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2018 12:50:20
Nº Rexistro: 42043
Data envio: 26/12/2018 12:50:20.793

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Flora María Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 26/12/2018 12:41:56

Paula Quinteiro Araújo na data 26/12/2018 12:42:06

CSV: REXISTRO-edtBbWw6u-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2018 12:52:17
Nº Rexistro: 42046
Data envio: 26/12/2018 12:52:17.560

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA para a súa resposta oral en Pleno.

Durante a campaña electoral de 2008 as eleccións ao congreso dos Deputados, todos os candidatos do PP en Galicia, e nomeadamente o actual presidente da Xunta, prometían que o PP loitaría e faría todo o necesario para garantir a gratuidade da peaxe da AP9 entre Curro e Pontevedra, isto non foi realizado a pesar de ter responsabilidades de goberno posteriores no Estado e mantelas en Galicia, se non que se ten permitido que esta peaxe se vira incrementada de forma astronómica.

Polo anterior, preséntanse a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Cales son os motivos para, unha vez máis, incumprir as promesas, ou mellor dito as mentiras, electorais do Partido Popular ao respecto da peaxe entre Curro e Pontevedra?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTRO-2ntkr2N1n-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2018 12:52:17
Nº Rexistro: 42046
Data envio: 26/12/2018 12:52:17.560

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 26/12/2018 12:38:06

Antón Sánchez García na data 26/12/2018 12:38:09

CSV: REXISTRO-2ntkr2N1n-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42051
Data envio: 26/12/2018 14:02:25.631

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En moitos lugares de Galicia estanse a dar unha serie de acontecementos que inciden negativamente nas condicións medioambientais da Comunidade Autónoma e ante os que cómpre establecer medidas para evitar calquera actuación lesiva. Un deses acontecementos son os vertedoiros ilegais que, a pesares do elevado investimento (de tempo e de cartos públicos na limpeza e/ou na clausura), seguen a afectar a moitos lugares con verteduras de todo tipo, segundo denuncia a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN).

Di esta entidade que persoas e empresas sen escrúpulos non xestionan conforme á lexislación os residuos que xeran, depositando calquera cousa, de calquera xeito, en calquera sitio da nosa xeografía. Así, atópanse verteduras de residuos de construción e demolición, amianto, enxoval doméstico, supostos tecnosolos, pneumáticos ou lodos de depuradoras. E non é preciso explicar os impactos directos e indirectos, a curto e a longo prazo, sobre a paisaxe, o medio natural e a saúde das persoas. Nestes días, un alto cargo da Confederación Hidrográfica Miño-Sil cualificaba, con moita razón, estes vertedoiros ilegais como "parcelas de sacrificio".

O Grupo Parlamentario Socialista entende que a loita contra o abandono indiscriminado de lixo e residuos débese facer a través de políticas proporcionadas e efectivas que potencien a prevención e a sensibilización e combatan os comportamentos incívicos, como a proposta da SGHN sobre a instalación obrigatoria dun xeolocalizador GPS en todos os vehículos autorizados para transporte de residuos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

A loita contra o abandono indiscriminado de lixo e residuos é unha prioridade para o Goberno da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2018

CSV: REXISTRO-4JHxdOUd1-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42051
Data envio: 26/12/2018 14:02:25.631

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/12/2018 13:59:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/12/2018 13:59:07

María Luisa Pierres López na data 26/12/2018 13:59:12

CSV: REXISTRO-4JHxdOUd1-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42053
Data envio: 26/12/2018 14:04:39.666

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

En Lourizán (Pontevedra), a planta depuradora supramunicipal de Os Praceres está xestionada directamente por Augas de Galicia. Esta EDAR encárgase do tratamento das augas residuais urbanas da capital da provincia, xunto coas de Marín e parte dos municipios de Poio, Sanxenxo, Vilaboa e Ponte Caldelas.

Como consecuencia, a ría de Pontevedra vén soportando un tratamento de augas residuais excesivo, ademais de padecer unha deficiente depuración ao non estar rematadas as redes de colectores nin as estacións de tratamento previstas: declaración de especial sensibilidade da ría, varios pósitos declarados zona C e procedementos de infracción en materia de saneamento e depuración pola UE, un deles pola contaminación no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu.

No mes de xuño anterior ás últimas eleccións autonómicas, a ex conselleira de Medio Ambiente e o conselleiro delegado de Ence (en presenza do vicepresidente da Xunta) firmaban un "pacto ambiental" que comprometía á pasteira a investir 193,6 millóns de euros nos seguintes 4 anos, incluída a mellora da EDAR, ampliada e modernizada a través dun convenio propio que se ía firmar. Xa neste ano 2018, no mes de maio o ex director de Augas de Galicia dáballe a coñecer á Comisión de seguimento do Plan de saneamento local da ría de Pontevedra o proxecto de ampliación da EDAR, con dobre de capacidade e ocupación do dobre de espazo nos terreos contiguos á actual e no mes de setembro, nunha nova reunión, as conselleiras de Medio Ambiente e do Mar presentaron as conclusións do estudo de alternativas para a ampliación. Finalmente, o día 26 dese mesmo mes, o director de Augas de Galicia e o delegado da Xunta de Galicia en Pontevedra comunicaron a intención de triplicar a dita instalación.

O rexeito veciñal e da Corporación municipal de Pontevedra (unanimemente) é claro e rotundo, tanto que a actual conselleira de Infraestruturas fala agora de obras de mellora da estación depuradora e xa non de ampliación. Quizais porque no Ministerio de Transición Ecolóxica nada semellan saber de ningunha solicitude de ampliación da ocupación por parte da Xunta de Galicia.

CSV: REXISTRO-H9Eoz022M-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42053
Data envio: 26/12/2018 14:04:39.666

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que está a facer o Goberno galego para mudar a situación actual da ría de Pontevedra, que vén soportando un tratamento de augas residuais excesivo e padecendo unha depuración deficiente?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/12/2018 13:57:20

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/12/2018 13:57:25

María Luisa Pierres López na data 26/12/2018 13:57:29

CSV: REXISTRO-H9Eoz022M-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42055
Data envio: 26/12/2018 14:06:43.931

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes **ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En Lourizán (Pontevedra) sitúase a planta depuradora supramunicipal de Os Praceres, que se encarga do tratamento das augas residuais urbanas da capital da provincia, xunto coas de Marín e parte dos municipios de Poio, Sanxenxo, Vilaboa e Ponte Caldelas. Ademais da EDAR, de Lourizán parte o actual emisario submarino e, segundo prevé o Goberno da Xunta de Galicia, partirá tamén un novo emisario submarino que ocupará 1300 metros cadrados do demanio coa construción da chamada "cámara de carga e bombeo", onde se recollerán as augas residuais procedentes da EDAR e se enviarán ao emisario propiamente dito. Segundo o anteproxecto do Goberno galego, trátase dun edificio de 19x13,30 metros de planta e 7,40 metros de altura, é dicir, trátase dun edificio que terá un importante impacto visual sobre a contorna.

Ninguén discute que os emisarios submarinos contribúen á mellora da calidade das augas pola depuración mediante dilución. Non obstante, coa *conditio sine qua non* de que estas augas estean previamente ben depuradas, o que significa que cómpre abordar primeiro a correcta depuración dos vertidos que se pretenda enviar ao emisario, cuestión que non está, nin de lonxe resolta.

Na parroquia de Lourizán (sumamente degradada), a veciñanza oponse a este anteproxecto de novo emisario. Polo xa exposto e pola incidencia negativa do emisario que xa existe sobre os cultivos mariños, as augas da ría e a Illa de Tambo, sen esquecer que no entorno do emprazamento do proxecto hai un total de 49 bancos marisqueiros, tales como os de a pé de Os Praceres, a flote de Lourizán e de navalla e longueirón de Lourizán.

CSV: REXISTRO-5TUK76GDi-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42055
Data envio: 26/12/2018 14:06:43.931

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai retirar o Goberno o proxecto de emisario submarino?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/12/2018 13:56:06

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/12/2018 13:56:11

María Luisa Pierres López na data 26/12/2018 13:56:15

CSV: REXISTRO-5TUK76GDi-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42058
Data envio: 26/12/2018 14:09:49.710

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. As decisións xudiciais penais deben ser xustas, imparciais e equitativas e xulgar con perspectiva de xénero implica identificar, para erradicalos, os estereotipos negativos que determinan un rato desigual, os prexuízos e as preconcepcións individuais e colectivas sobre as capacidades e os roles das mulleres.

Nos últimos tempos, asistimos a un movemento de críticas, basicamente negativas, a algunhas sentenzas penais por non seren ditadas con perspectiva de xénero (o caso de "La Manada" é paradigmático). Escoitamos e lemos que as sentenzas en xeral, e cando afectan ás mulleres en maior medida, son machistas, androcéntricas e ditadas por persoas sen formación en perspectiva de xénero.

Segundo as persoas expertas, varias medidas poderían resultar efectivas para erradicar os estereotipos negativos sobre as mulleres nas resolucións xudiciais:

1. O uso dunha linguaxe que non considere ás mulleres meros obxectos (así o indica o "Informe sobre a linguaxe non sexista no Parlamento Europeo" aprobado pola decisión Grupo de Alto Nivel sobre Igualdade de Xénero e Diversidade, de 13 de febreiro de 2008).
2. A atención ás recomendacións da Comisión de Modernización da Linguaxe Xurídica, no senso de que todas as resolucións xudiciais se redacten cunha linguaxe clara, igualitaria, non sexista, respectuosa, gramatical e sintacticamente correcta e de redacción eficaz.
3. A aplicación do Convenio de Istambul (en vigor dende 2014) e da Lei 4/2015, do Estatuto da Vítima.
4. A aplicación da Psicoloxía Forense Experimental. Porque, fronte a unha estendida doutrina xurisprudencial que busca só a credibilidade da vítima de violencia machista e que a súa testemuña sexa persistente, prolongada no tempo e sen contradicións, hai outra máis, digamos nova, que entende que a esixencia deste tipo de relatos pode que só revele unha boa memoria retentiva e que resultaría máis axeitado acudir á experiencia derivada da

CSV: REXISTRO-2BbGQVglW-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42058
Data envio: 26/12/2018 14:09:49.710

aplicación da Psicoloxía Forense Experimental, que considera a memoria, non un rexistro mecánico de información, senón un elemento activo, reconstrutivo e sometido á influencia de factores que poden levar ás testemuñas (mulleres incluídas) a cometer erros. Polo tanto, esa testemuña é fundamental.

En Galicia, o Instituto de Medicina Legal (Imelga) é un órgano da Administración de xustiza que ten por misión prestar asistencia técnica aos xulgados e fiscalías en materia de medicina forense. Integrado por persoal médico forense, técnico e auxiliar, ten a súa sede en Santiago de Compostela e os seus centros de traballo situados nesta cidade e en Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. O Imelga emite os informes que lle son requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos medicolegais e a intervención de psicólogos no Servizo de Clínica, incluídas as Unidades de Valoración.

A psicoloxía forense experimental (unha das medidas que podería axudar a erradicar os estereotipos negativos sobre as mulleres nas resolucións xudiciais) entende que a primeira testemuña é a máis veraz porque, normalmente, se fixo con poucas interferencias e sen datos suxeridos por outras persoas. Esa psicoloxía forense experimental aplícase polos equipos do Imelga, polas Unidades de Valoración en concreto e, máis en concreto, polas persoas forenses que se encargan desa primeira intervención e, polo tanto, desa primeira testemuña. Eses profesionais da Medicina son as persoas que farán o informe a remitir á autoridade xudicial, documento básico para fundamentar que as resolucións xudiciais non conteñan estereotipos negativos sobre as mulleres.

O anterior significa dúas cousas:

1. Que, para axudar eficazmente a que as resolucións xudiciais non conteñan estereotipos negativos sobre as mulleres, o tempo de emisión dese informe debería ser o máis inmediato posible.
2. E que, consecuentemente, o número de equipos debería ser suficiente.

Pola contra, a realidade galega é que, dos sete equipos que existen, Pontevedra e A Coruña necesitan con urxencia máis profesionais e que, aínda que o número de asuntos na nosa comunidade non xustifica un equipo exclusivo, se existise, os informes emitidos serían absolutamente inmediatos.

CSV: REXISTRO-2BbGQVglW-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42058
Data envio: 26/12/2018 14:09:49.710

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comparte o Goberno da Xunta de Galicia que o Poder Xudicial debe xulgar con perspectiva de xénero, identificando, para erradicalos, os estereotipos negativos sobre as mulleres?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/12/2018 13:55:15

María Luisa Pierres López na data 26/12/2018 13:55:21

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/12/2018 13:55:27

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/12/2018 13:55:31

CSV: REXISTRO-2BbGQVglW-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42060
Data envio: 26/12/2018 14:10:36.212

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, **María Luisa Pierres López, Abel Losada Álvarez, Luís Manuel Álvarez Martínez** e **Concepción Burgo López**, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

En Pontevedra, no CEIP da Praza de Barcelos, hai un transformador eléctrico que supostamente fora revisado hai 3 meses. Leva anos aí (dende os anos 80), os mesmos que os pais levan pedindo que se saque (a Consellería de Educación ten recibido da ANPA varias peticións de retirada). O transformador dá servizo ao colexio, pero tamén ao aparcadoiro, aos comercios e ás vivendas que están na zona, en total, 208 clientes.

A ninguén se lle escapa que un transformador de tensión nun colexio é un perigo. O martes pasado, cando ían ser as 2 da tarde, comezou a cheirar a queimado, polo que os mestres decidiron sacar aos nenos á praza; 10 minutos despois, rexistrouse un incendio nesta instalación, un curtocircuíto na rede de baixa tensión. Quedaron sen luz a praza de Barcelos, os comercios de toda a mazá e medio colexio. Iso si, o enxeñeiro que compareceu por Fenosa (agora UFD) dixo que non había perigo e que o ían arranxar. “Existe vontade de ambas partes de retranquear o transformador”, “O que sucedeu o martes foi un incidente sen gravidade e o transformador é completamente seguro, está perfectamente controlado e cumpre con todos os requisitos de seguridade” (non hai ningún criterio técnico ou de seguridade que obrigue a retiralo da súa situación actual), “Tería que asumir o custe da obra o solicitante”.

É dicir, concello ou consellería deberían pagar, segundo UDF, debendo facer primeiro unha solicitude formal de reubicación e proposición de novo emprazamento, sendo os técnicos os responsables de analizar a solución a adoptar. Logo de estudar o cambio de situación e elaborar o proxecto técnico para retiralo, será a Consellería de Industria a que dea a autorización pertinente para a execución da obra, pois foi a consellería a que autorizou a alta deste transformador no seu día.

CSV: REXISTRO-SJLmKMwzW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42060
Data envio: 26/12/2018 14:10:36.212

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai demandar o Goberno a UDF a reubicación e proposición de novo emprazamento con relación ao transformador eléctrico sito no CEIP de Barcelos (Pontevedra)?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Abel Losada Álvarez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/12/2018 13:52:46

María Luisa Pierres López na data 26/12/2018 13:52:53

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/12/2018 13:52:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/12/2018 13:53:03

Maria de la Concepción Burgo López na data 26/12/2018 13:53:08

CSV: REXISTRO-SJLmKMwzW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42062
Data envio: 26/12/2018 14:11:21.350

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. A Xunta de Xuíces do Civil da cidade de Vigo formulara no seu día, para as demandas polas cláusulas chan e resto de abusos bancarios, a creación de novos xulgados, cos medios persoais e materiais axeitados e necesarios. Isto significaba unha persoa titular, unha do corpo de Letrados da Administración de xustiza, cadro de persoal completo, unha sede e reparto propio.

Non obstante, o que se fixo polo Goberno de Mariano Rajoy foi a creación de xulgados especializados, hai agora ano e medio, que xa naceron colapsados: 11.102 asuntos en xuño de 2016, dos que só uns 2.600 foron resoltos ata setembro deste ano 2018, quedando Galicia por baixo da media estatal na resolución destes asuntos (40,4 % fronte ao 43 % da media). Así, creáronse un xulgado novo en Ourense (con todas as condicións antes ditas) e dous xulgados *bis* en A Coruña e Vigo, mais nestes o Goberno galego só proveeu con 4 persoas funcionarias (dos 8 que debe haber en cada xulgado).

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Concorda o Goberno da Xunta de Galicia con que os xulgados son os últimos instrumentos dos que dispón a cidadanía para defender os seus dereitos?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTRO-ohpY2cUvy-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42062
Data envio: 26/12/2018 14:11:21.350

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/12/2018 13:51:42

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/12/2018 13:51:48

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/12/2018 13:51:54

CSV: REXISTRO-ohpY2cUvy-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 11:47:45
Nº Rexistro: 42105
Data envio: 27/12/2018 11:47:45.982

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Marían García Miguez, Paula Prado del Río, María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Diego Calvo Pouso, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral para o seu debate en Pleno.**

O pasado 1 de agosto de 2017 publicábase no DOG o Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este texto normativo fai fincapé en que a violencia de xénero supón a representación máis extrema da desigualdade entre mulleres e homes existente na nosa sociedade e un grave atentado contra os dereito humanos.

Tendo en conta o anterior, considérase fundamental a formación do persoal empregado público en materia de igualdade entre mulleres e homes e prevención e loita contra a violencia de xénero, tanto no acceso ao emprego público como ao longo da carreira profesional. Para conseguilo este novo modelo formativo esixe a convocatoria continuada e permanente de accións formativas, básicas e especializadas, neste ámbito.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta oral en pleno:

-Cal é a previsión para 2019 de formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero da Escola Galega de Administración Pública?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-59R67V5vz-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 11:47:45
Nº Rexistro: 42105
Data envio: 27/12/2018 11:47:45.982

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/12/2018 11:43:13

Paula Prado Del Río na data 27/12/2018 11:43:24

María Julia Rodriguez Barreira na data 27/12/2018 11:43:37

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2018 11:43:49

Jacobo Moreira Ferro na data 27/12/2018 11:43:55

María Isabel Novo Fariña na data 27/12/2018 11:44:08

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2018 11:44:25

Diego Calvo Pouso na data 27/12/2018 11:44:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-59R67V5vz-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:19:56
Nº Rexistro: 42108
Data envio: 27/12/2018 12:19:56.636

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Gonzalo Trénor López, Cristina Romero Fernández, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, María Antón Vilasánchez, Paula Prado del Río, Jacobo Moreira Ferro, Guadalupe Murillo Solís, Miguel Tellado Filgueira, Marta Novoa Iglesias, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna e Mª Julia Rodríguez Barreira, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Goberno galego está a apostar pola intermodalidade entre os distintos modos de transporte e leva anos traballando neste sentido, coordinando as actuacións necesarias para acadar esa intermodalidade nas principais cidades galegas, algo para o que ten conseguido o financiamento comunitario.

No Grupo Parlamentario Popular, ao igual que o Goberno da Xunta de Galicia, sabemos que os medios de transporte non deben basearse en competir, deben complementarse entre si. Neste marco, un dos pasos que Galicia debe abordar para garantir uns transportes públicos de calidade é a conexión sinxela entre os diferentes modos de transporte. E, para iso, é necesaria a execución das estacións intermodais nas distintas cidades galegas.

Desde a Xunta estase a avanzar con determinación neste eido e xa ten iniciado as obras da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Santiago de Compostela e tamén as correspondentes á estación de Ourense.

Tamén se veñen producindo avances importantes no camiño de garantir a intermodalidade en Vigo ou en Pontevedra. No caso da cidade da Coruña os diversos cambios de criterio do Concello obrigan a redefinir gran parte do traballo feito pola Xunta, demorando o desenvolvendo da intermodal da cidade, tendo a Xunta que licitar de novo a redacción dun novo proxecto construtivo para a estación intermodal, que foi licitada a finais de novembro. Ademais, o Goberno galego tamén está avanzando na tramitación administrativa necesaria no caso dos proxectos de intermodalidade no transporte en Lugo e en Ferrol.

Tendo en conta que as intermodais son proxectos estratéxicos para o futuro das nosas cidades e que o seu desenvolvemento require dun esforzo colectivo entre as distintas administracións implicadas, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-Hdbsgdg3F-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:19:56
Nº Rexistro: 42108
Data envio: 27/12/2018 12:19:56.636

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

-Cal é o balance e as previsións que manexa a Xunta para o desenvolvemento das estacións intermodais nas principais cidades galegas?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 27/12/2018 12:15:37

Jaime Castiñeira Broz na data 27/12/2018 12:16:32

Gonzalo Trenor López na data 27/12/2018 12:16:40

Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/12/2018 12:16:59

Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2018 12:17:10

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/12/2018 12:17:25

Maria Antón Vilasánchez na data 27/12/2018 12:17:35

Paula Prado Del Río na data 27/12/2018 12:17:42

María Guadalupe Murillo Solís na data 27/12/2018 12:17:54

Jacobo Moreira Ferro na data 27/12/2018 12:18:01

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2018 12:18:17

Marta Novoa Iglesias na data 27/12/2018 12:18:28

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/12/2018 12:18:47

María Julia Rodriguez Barreira na data 27/12/2018 12:18:56

CSV: REXISTRO-Hdbsgdg3F-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:22:25
Nº Rexistro: 42110
Data envio: 27/12/2018 12:22:25.970

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, Encarna Amigo Díaz e **Martín Fernández Prado,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Consellería de Educación, Universidade e FP ten en marcha a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020 (EDUCONVIVES), cuxo obxectivo é fornecer o profesorado, nais, pais e equipos directivos, fundamentalmente, dunha serie de recursos que lles permitan afondar na mellora da convivencia escolar, desde unha óptica integral e inclusiva.

Nesta liña, búscase facilitar orientacións para actuar con rapidez e eficacia diante de eventuais situacións problemáticas para a convivencia, así como a súa prevención a través de formación en materia de saúde, identidade dixital, etc..

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Consellería de Educación, Universidade e FP da Estratexia Galega de Convivencia-Educonvives 2015-2020?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2018 12:17:50

Maria Antón Vilasánchez na data 27/12/2018 12:17:57

Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2018 12:18:02

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2018 12:18:14

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2018 12:18:22

María Isabel Novo Fariña na data 27/12/2018 12:18:29

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2018 12:18:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-Y17sDDHWs-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:22:25
Nº Rexistro: 42110
Data envio: 27/12/2018 12:22:25.970

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Martín Fernández Prado na data 27/12/2018 12:18:39

CSV: REXISTRO-Y17sDDHWs-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:22:54
Nº Rexistro: 42112
Data envio: 27/12/2018 12:22:54.565

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, Encarna Amigo Díaz e **Martín Fernández Prado,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Os diferentes procesos de acceso á función pública docente levados a cabo pola Consellería de Educación, Universidade e FP nos últimos anos, teñen permitido o acceso ao sistema educativo a unha importante cantidade de profesorado.

A través destes procesos selectivos, non só se ten dado a oportunidade de acceder á función publica docente a milleiros de persoas, se non que tamén, se ten dado un paso decidido cara á mellora do sistema educativo elevando as taxas de reposición ata o actual 100%.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego sobre os procesos de oferta pública de emprego desenvolvidos no ámbito do ensino en Galicia durante os últimos anos?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2018 12:20:39

Maria Antón Vilasánchez na data 27/12/2018 12:20:46

Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2018 12:20:53

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2018 12:21:01

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2018 12:21:09

María Isabel Novo Fariña na data 27/12/2018 12:21:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2018 12:21:23

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-J0GgRzXMK-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:22:54
Nº Rexistro: 42112
Data envio: 27/12/2018 12:22:54.565

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Martín Fernández Prado na data 27/12/2018 12:21:25

CSV: REXISTRO-J0GgRzXMK-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:31:34
Nº Rexistro: 42114
Data envio: 27/12/2018 12:31:34.513

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Martin Fernández Prado, Beatriz Mato Otero, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

Ao comezo da lexislatura, o Goberno galego comprometeuse a que esta sería a lexislatura do transporte en Galicia avanzando, tanto na reordenación do mapa de liñas de autobús, como no impulso das infraestruturas necesarias; continuando coa aposta polo Plan de Transporte Metropolitano de Galicia; ou con novas iniciativas como o Plan de Accesibilidade dos autobuses interurbanos ao centro da cidade da Coruña.

Esta última é unha iniciativa da Xunta que permite que os autobuses interurbanos poidan facer paradas no centro da cidade.

O Plan de Accesibilidade iniciou a súa posta en marcha no mes de novembro de 2017 e foise implantando de modo progresivo, en distintas fases, ata verse completado a finais de maio de 2018. Polo tanto, en maio de 2019 hai un ano que o Plan de Accesibilidade funciona na súa totalidade.

Con este plan a Xunta busca fomentar o uso do transporte público e reforzar o papel da cidade como centro de actividade económica, comercial e social, atendendo con el, ademais, unha vella demanda dos veciños da comarca.

Grazas a esta iniciativa os usuarios poden baixar e subir do autobús directamente nas paradas establecidas, sen necesidade de chegar ata a estación de autobuses, o que supón unha importante mellora da súa mobilidade con respecto á situación anterior, na que só podían subir e baixar do transporte público interurbano na estación, situada en Catro Camiños.

É por iso que os deputados e deputadas abaixo asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

- Cal é o balance do Plan de Accesibilidade dos autobuses interurbanos ao centro da cidade da Coruña desde que se completou a súa posta en funcionamento, en maio de 2018?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-uD1040I0bI-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:31:34
Nº Rexistro: 42114
Data envio: 27/12/2018 12:31:34.513

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 27/12/2018 12:28:57

Beatriz Mato Otero na data 27/12/2018 12:29:21

Jaime Castiñeira Broz na data 27/12/2018 12:29:30

Diego Calvo Pouso na data 27/12/2018 12:29:43

Jacobo Moreira Ferro na data 27/12/2018 12:29:54

Marta Novoa Iglesias na data 27/12/2018 12:30:09

María Julia Rodriguez Barreira na data 27/12/2018 12:30:25

Gonzalo Trenor López na data 27/12/2018 12:30:45

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/12/2018 12:30:55

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-uD1040I0bI-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:39:33
Nº Rexistro: 42116
Data envio: 27/12/2018 12:39:33.456

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Mª Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na pleno.**

Ao comezo da lexislatura, o Goberno galego comprometeuse a que esta sería a lexislatura do transporte en Galicia avanzando, tanto na reordenación do mapa de liñas de autobús, como mediante o impulso das infraestruturas necesarias.

Nestes últimos tempos, gran parte do traballo realizado pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda estase a centrar, precisamente, na modernización do transporte de viaxeiros por estrada.

A Consellería xa levou a cabo un intenso traballo de planificación co obxectivo de garantir o servizo de transporte a todos os galegos, tras as renuncias de certas empresas a seguir coa prestación do servizo; pero tamén, encamiñado a reforzar e ofrecer unha mellor cobertura territorial, fundamentalmente no rural. Un traballo que culminaba o 8 de agosto de 2017 coa posta en marcha da 1ª fase do Plan de Transporte Público de Galicia que abrangueu, fundamentalmente, as provincias de Ourense e de Lugo, pero tamén algunha zona concreta das provincias da Coruña e de Pontevedra.

O 16 de febreiro de 2018, o Goberno galego anunciaba a licitación dos estudos correspondentes a unha 2ª fase do Plan de Transporte Público de Galicia, cun investimento de 2,7 millóns de euros, co obxectivo de que Galicia teña, a finais de 2019, un servizo de transporte moderno e acorde ás necesidades reais dos cidadáns.

Conforme ten avanzado o Goberno galego, neste traballo que xa ten en marcha analizaranse con detalle os servizos de transporte que se están a prestar na actualidade, realizarase un amplo traballo de campo e garantirase máxima participación de todos os axentes implicados.

É por iso que os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en pleno:

1.- Como están a avanzar os traballos para a posta en marcha da 2ª fase do Plan de Transporte público de Galicia?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-HGUupOxvc-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:39:33
Nº Rexistro: 42116
Data envio: 27/12/2018 12:39:33.456

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 27/12/2018 12:37:06

Jaime Castiñeira Broz na data 27/12/2018 12:37:45

Jacobo Moreira Ferro na data 27/12/2018 12:37:53

Marta Novoa Iglesias na data 27/12/2018 12:38:14

María Julia Rodriguez Barreira na data 27/12/2018 12:38:26

Gonzalo Trenor López na data 27/12/2018 12:38:42

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/12/2018 12:38:51

CSV: REXISTRO-HGUupOxvc-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:40:38
Nº Rexistro: 42117
Data envio: 27/12/2018 12:40:38.274

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A finais de 2014 (como en abril de 2011 e en outubro de 2013), a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (e a Galicia) ante o Tribunal de Xustiza da UE por non existir garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas de Galicia, pola falla dun un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Mesmo a Comisión Europea solicitaba a imposición dunha sanción económica a España pola falta de tratamento de residuos líquidos en 17 cidades, entre elas, Santiago, Vigo e Ribeira. Por desgraza, estamos xa á espera de que a dita sanción se faga efectiva.

A Estación Depuradora de Augas Residuais de Dena (Meaño) atópase saturada no seu funcionamento. A pesares de ser anunciada inicialmente para dar servizo a unha poboación de algo máis de 30.000 habitantes, o seu funcionamento actual atende a unha poboación de algo menos de 20.000 pero dá problemas constantemente por unha cuestión de cantidade. Un dos problemas que contribúe a isto é a non separación de augas residuais e pluviais, o que ocasiona obturacións e colapsos dos mecanismos da EDAR. Os informes de Augas de Galicia así o indican e alertan constantemente do estado límite da depuradora.

A estación depuradora, ademais, atópase próxima a unha zona considerada de especial conservación (ZEC), como é a ensenada de Os Pasales.

Non entanto, o concello limítrofe de Sanxenxo continúa na súa insistencia de conectar a esta depuradora o Polígono industrial de Nantes, o que provocaría o imposible funcionamento da EDAR de Dena. Dende a Xunta de Galicia non se rexeita esta intención, e véñense infraestimando os informes de Augas de Galicia, mantendo a incerteza sobre a conexión de dito polígono á EDAR, o que causaría un problema medioambiental grave, por non poder ser tratadas axeitadamente as augas que chegaran á estación, coas consecuencias que tería xa de inicio sobre Os Pasales e, ademais, sobre o estado global do entorno afectando aos propios Concellos de Meaño e Sanxenxo.

Este gran problema aínda se pode incrementar máis se as noticias son certas. O alcalde de Sanxenxo, o popular Telmo Martín, anunciou que o polígono de

CSV: REXISTRO-Kvy2gR4GA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:40:38
Nº Rexistro: 42117
Data envio: 27/12/2018 12:40:38.274

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Nantes comezará a ter actividade industrial no mes de outubro, chegando a afirmar que está resolta a cuestión da conexión coa EDAR de Dena posto que Augas de Galicia ten autorizado a dita conexión. Resulta sorprendente que o alcalde dun concello poida anunciar decisións que corresponderían ao Goberno galego e que involucran a outros concellos (o de Meaño, neste caso), como a suposta resolución da conexión do polígono coa EDAR.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Avala a Xunta de Galicia a conexión do polígono de Nantes, en Sanxenxo, coa EDAR de Dena?

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2018 11:13:33

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/12/2018 11:13:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/12/2018 11:13:49

María Luisa Pierres López na data 27/12/2018 11:13:54

CSV: REXISTRO-Kwy2gR4GA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:41:02
Nº Rexistro: 42118
Data envio: 27/12/2018 12:41:02.177

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Abel Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Nos recentes días foi coñecida a situación alertada polo centro hospitalario privado Povisa, co que a Xunta de Galicia mantén un convenio que delega no centro a atención sanitaria de case 140.000 pacientes do sistema sanitario, a cambio de aproximadamente 75 millóns de euros ao ano. A empresa denuncia a situación que, ao seu xuízo, se provoca a partir do último convenio asinado en 2014, e que segundo a interpretación da empresa resulta lesivo para os intereses do centro e non compensatorio en termos económicos.

Dende a empresa sanitaria reclámanse agora máis de 40 millóns de euros ao Sergas, baixo ameaza de deixar de atender aos pacientes que teñen a Povisa como centro de referencia. A actividade concertada con este centro resulta fundamental para o propio sistema, que non ten método para reasignar a este volume de cidadáns na propia rede hospitalaria pública.

Foi coñecido tamén que o propio Goberno galego coñecía a situación que Povisa reclamaba, aínda que a situación terminou por chegar ao punto actual sen que pareza que se conseguirá ningún avance por parte do Goberno autonómico.

O actual escenario é tamén de extrema incerteza para os máis de 1 400 traballadores e traballadoras da entidade, que ven perigar a súa situación laboral dado que, se o concerto co Sergas terminará por ser rescindido, o volume de traballo do centro veríase tremendamente afectado.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que accións está a valorar a Xunta de Galicia para resolver a situación de incerteza formulada pola empresa privada Povisa?

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Abel Losada Álvarez
Noela Blanco Rodríguez

CSV: REXISTRO-ESyTT3pzb-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:41:02
Nº Rexistro: 42118
Data envio: 27/12/2018 12:41:02.177

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2018 11:15:21

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/12/2018 11:15:27

Noela Blanco Rodríguez na data 27/12/2018 11:15:31

CSV: REXISTRO-ESyTT3pzb-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:41:28
Nº Rexistro: 42119
Data envio: 27/12/2018 12:41:28.654

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Barómetro Sanitario é unha enquisa de valoración do sistema sanitario público en toda España, con valoracións conxuntas e tamén desagregadas por comunidades autónomas. A súa publicación é anual, avaliando o ano anterior, e está disponible de maneira aberta a través das publicacións do CIS.

A última publicación deste barómetro avalía o ano 2017, e apunta a algunhas tendencias preocupantes que deixan en evidencia a situación real da sanidade galega. A valoración das persoas usuarias sobre a sanidade galega a sitúa como a terceira peor de todas as comunidades autónomas de toda España, perdendo posicións progresivamente nos últimos anos, coincidindo cos gobernos de Núñez Feijoo. En relación a isto, máis dun 75 % dos usuarios/as apuntan á necesidade de cambios, en distintos grados, no sistema sanitario.

Apunta tamén o barómetro sanitario, entre outras cousas, que aumenta con respecto ao ano pasado a preferencia libre dos usuarios a utilizar a sanidade privada en relación coa pública. En torno a un aumento do 5 %, tanto na atención primaria como en atención hospitalaria, de persoas que preferirían acudir a un centro privado que a un público na evolución 2016 a 2017.

A pesares deste, e outros datos preocupantes, non existe ningunha valoración por parte do Goberno da Xunta de Galicia que asuma algunha problemática asociada ou algunha ineficiencia na xestión, que si sinalan as persoas usuarias.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia satisfactoria a avaliación da cidadanía galega como a terceira peor sanidade de toda España entre as comunidades autónomas?

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2018

CSV: REXISTRO-9ySq6qDuw-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:41:28
Nº Rexistro: 42119
Data envio: 27/12/2018 12:41:28.654

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2018 11:16:27

Noela Blanco Rodríguez na data 27/12/2018 11:16:33

CSV: REXISTRO-9ySq6qDuw-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:41:49
Nº Rexistro: 42120
Data envio: 27/12/2018 12:41:49.717

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e **Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Dende a entrada en vigor da reforma da Lei de saúde a inicios de 2018 os hospitais comarcais teñen estado no foco dos problemas de asistencia hospitalaria no Sistema galego de saúde, pois en numerosas ocasións se teñen dado escenarios de perda temporal de servizos pola ausencia de persoal ou problemas de recursos materiais. Así, constátase a realidade da súa perda de capacidade asistencial e a súa nula posibilidade de influír na toma de decisións, como foi alertado coa tramitación da devandita reforma da lei.

O caso do Hospital do Salnés resulta paradigmático. Un centro que viu nos últimos meses recortadas as súas prestacións ben por unha cuestión de recursos humanos, como no caso do servizo de medicina interna que antes do verán perdeu á metade dos seus integrantes, ou de recursos materiais, como a obrigada derivación de pacientes a Pontevedra ao avariarse o TAC do Hospital no mes de outubro e demorarse unha semana a atención para resolver o problema.

Nos últimos días de outubro e inicio de novembro, o Hospital do Salnés sufriu un novo problema serio ao ter que permanecer varios pacientes en cabinas de urxencias sen poder ingresar por non haber camas dispoñibles. Esta situación dáse ao estar a terceira planta do Hospital do Salnés pechada dende o mes de xuño, sen estar nin sequera dotado de persoal suficiente para poder atender a esa planta. A limitación de camas obrigou non so a estas citadas esperas en urxencias, senón a manter na segunda planta, destinada a outros fins, a ata 5 pacientes de obrigado illamento, o que limitou máis aínda a capacidade do hospital ao ter que dedicar habitacións dobres á atención individual debido á situación de illamento.

A situación de auténtica precariedade que viven os profesionais, sumada á previsión da chegada do inverno que aumenta a entrada no hospital de persoas afectadas polos previsibles episodios de gripe, provoca un enorme escenario de incerteza para profesionais e pacientes, que observan como a calidade de atención

CSV: REXISTRO-CgYj8nPSC-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:41:49
Nº Rexistro: 42120
Data envio: 27/12/2018 12:41:49.717

do hospital descende polo desleixo e abandono por parte da Consellería de Sanidade.

Por todo o exposto, o deputado e deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno de Galicia da situación acaecida no Hospital do Salnés con enfermos agardando en urxencias por un ingreso e pacientes en illamento na segunda planta mentres a terceira permanecía pechada?

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2018 11:17:24

Noela Blanco Rodríguez na data 27/12/2018 11:17:30

CSV: REXISTRO-CgYj8nPSC-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:42:08
Nº Rexistro: 42121
Data envio: 27/12/2018 12:42:08.098

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A investigación no campo biosanitario é un eido de traballo onde os investigadores e investigadoras de Galicia amosan, de maneira constante, a súa gran formación e dedicación, achegándose a niveis de excelencia recoñecidos internacionalmente. Non entanto, non existe unha aposta por parte do goberno galego notoria e convencida que promova e fortaleza a investigación como sector de investimento, que contribúa tanto a mellorar a calidade de vida e os procesos de diagnose e tratamento de distintas enfermidades, como a contribuír a un cambio de modelo produtivo para o país.

O gasto en investigación en España está, aproximadamente, nun 1,2 % do PIB. Menor porcentaxe que hai unha década. O investimento en ciencia diminuíu, nesta década, en torno a un 9 %, mentres que a maioría de países europeos teñen aumentado en volumes altos este nivel de investimento (Reino Unido ou Alemaña por riba do 30 %).

Sendo España un mal exemplo na súa aposta pola ciencia nos últimos anos, coincidentes co Goberno presidido por Mariano Rajoy, en Galicia sobran tamén datos que evidencian un nivel semellante ou menor. Como último dato, os orzamentos autonómicos para 2019 prevén un descenso de máis de 5 % no investimento na partida 561C de investigación sanitaria, que para o ano 2019 prevé 2.480.000 € mentres que para o ano 2018 os mesmos orzamentos apuntaban 2.618.000 €.

A situación de precariedade dos e das investigadoras tanto na súa relación coas universidades, que manexan orzamentos moi axustados para investigación, como noutros centros públicos, contribúe a un lento crecemento e desenvolvemento das liñas de traballo existentes, ademais de supoñer un lastre a efectos sociais polo elevado esforzo laboral e persoal que supón sen recibir ningunha mínima estabilidade nin capacidade de previsión.

CSV: REXISTRO-GQTInwCyv-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:42:08
Nº Rexistro: 42121
Data envio: 27/12/2018 12:42:08.098

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o Goberno de Galicia diminuíu a partida orzamentaria para investigación sanitaria nos orzamentos 2019?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2018 11:18:19

Noela Blanco Rodríguez na data 27/12/2018 11:18:24

CSV: REXISTRO-GQTInwCyv-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:42:30
Nº Rexistro: 42122
Data envio: 27/12/2018 12:42:30.698

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A fibromialxia, síndrome de fatiga crónica (SFC) ou encefalomielite miálxica (EM) e a sensibilidade química múltiple son enfermidades diferentes pero con forma de presentación e síntomas similares de diagnose clínica. As tres son enfermidades de causa descoñecida, crónicas e sen cura na medicina actual que teñen efecto invalidantes para o traballo e as tarefas cotiás, extremadamente negativos na esfera laboral, social, familiar e económica de quen a sofre. Os tratamentos actuais se limitan con escaso éxito a aliviar os síntomas de ambas patoloxías. Tanto a fibromialxia como o síndrome de fatiga crónica ou encefalomielite miálxica afecta especialmente ás mulleres.

Calcúlase que en España, entre o 0,2 % e o 0,5 % da poboación xeral sofre SFC/EM. Aproximadamente, o 25 % dos e das pacientes presentan unha forma severa da enfermidade provocando un trastorno devastador, complexo e altamente invalidante.

Os problemas das persoas afectadas sitúanse nas dificultades para a diagnose, e por tanto tamén para o tratamento, polas dificultades sinaladas que levan a estas persoas a demorar moito tempo dentro do sistema antes de ser diagnosticadas. A isto cabe engadir a avaliación da incapacitación laboral, ou recoñecemento de minusvalías, que resultan sempre insatisfactorias e incompleta debido ás limitacións nestas propias diagnoses e a non clasificación clínica e correcta avaliación.

De maneira conxunta, a investigación sanitaria resulta unha ferramenta na loita contra estas enfermidades e as súas consecuencias. A redución dun 5 % na partida dedicada a investigación da Consellería de Sanidade para os orzamentos 2019 é un enorme obstáculo que, sumado aos déficits existentes a nivel autonómico e estatal nos últimos anos, coloca á investigación sanitaria nunha feble posición que impide o avance en cuestións relacionadas con un amplo espectro de sintomatoloxías, como as sinaladas.

CSV: REXISTRO-IW3ZDz5Oo-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:42:30
Nº Rexistro: 42122
Data envio: 27/12/2018 12:42:30.698

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno de Galicia sobre a situación das persoas afectadas por fibromialxia e enfermidades do espectro da dor?

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2018 11:19:02

Noela Blanco Rodríguez na data 27/12/2018 11:19:08

CSV: REXISTRO-IW3ZDz5Oo-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:42:51
Nº Rexistro: 42123
Data envio: 27/12/2018 12:42:51.220

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez e **Patricia Otero Rodríguez**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A existencia de erros da interpretación normativa sobre a determinación da existencia de mal tempo para faenar na extracción do percebe motivou á Xunta de Galicia a advertir e impoñer sancións a percebeiros que, ante determinadas circunstancias, estimaban a existencia deste mal tempo para non poder saír a faenar a flote.

Esta decisión ten unha gran relevancia, pois ao existir ese mal tempo, as e os percebeiros poden saír a faenar a pé no caso de que así o permita o Plan de explotación da confraría. Non entanto esta situación foi sancionada pola Xunta de Galicia, dende o ano 2017, e utilizada como ferramenta de presión sobre as e os traballadores do mar, nomeadamente as e os percebeiros.

Esta conflitividade iniciada e alimentada pola Xunta de Galicia, particularmente pola Consellería do Mar, vén de recibir unha corrección xudicial. O Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo vén de emitir unha sentencia que dá a razón a un traballador que recorreu a sanción que a Xunta lle impuxo por este motivo citado. A resolución xudicial (que xa é firme) indica que a consideración do mal tempo recaía no traballador, e que a Xunta non pode sancionar polo motivo que o fixo (non ter permiso para faenar a pé) porque a consideración da situación así o permitía.

Esta situación foi formulada no Parlamento de Galicia en diversas ocasións polo Grupo Parlamentario Socialista, advertindo de que se resolvería no sentido que así foi agora, e solicitando da Consellería do Mar que apuntase a unha solución mediada e de acordo sobre as consideracións normativas, pero que non podían invadir as competencias que non tiñan.

CSV: REXISTRO-2Rnzk5vrc-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:42:51
Nº Rexistro: 42123
Data envio: 27/12/2018 12:42:51.220

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a sentencia é suficiente para reconsiderar a súa postura sobre as sancións emitidas a persoas traballadoras da extracción do percebe?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2018 11:19:41

María Dolores Toja Suárez na data 27/12/2018 11:19:46

Patricia Otero Rodríguez na data 27/12/2018 11:19:51

CSV: REXISTRO-2Rnzk5vrc-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:43:33
Nº Rexistro: 42125
Data envio: 27/12/2018 12:43:33.383

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Xoaquín Fernández Leiceaga e **Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O Partido Popular vén de retorcer a Comisión de Investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada creada no Parlamento de Galicia grazas a un acordo dos grupos da oposición, para terminar por impoñer o plan de traballo de maneira unilateral negándose a todo diálogo e vetando a presencia de determinados comparecentes e a obtención de moita documentación.

Dentro destas circunstancias, a comparecencia de persoas que o PP citou para formular foron defendidas como "de moito interese" e que formulaban "opinións expertas" que trasladaban "a visión que non se quere coñecer". Dende o Grupo Parlamentario Popular valorouse como "moi representativas" da situación da sanidade ás persoas comparecentes, validando de antemán a súa posición.

Nunha sesión celebrada o 28 de novembro, unha persoa comparecente a petición do PP formulou na súa intervención que "é un problema que se están dando tratamentos oncolóxicos a pacientes que non teñen máis perspectiva que un par de meses por diante, e estamos gastando medio millón de euros por gañar o equivalente a un ano de vida axustado por calidade, e este medio millón de euros produciría moitísima máis saúde utilizado noutros programas."

Dada a validación previa dos poñentes que se fixo dende o Grupo Popular, que foi unha comparecente a petición do Grupo Popular e que na intervención posterior do Partido Popular na citada Comisión non existiu ningunha valoración oposta, matiz, apreciación ou contrariedade a estas afirmacións, nin que existiran declaracións públicas tanto do propio Grupo Popular como da propia Xunta de Galicia, pode considerarse a confirmación da súa aceptación.

CSV: REXISTRO-JN4fh3TpF-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:43:33
Nº Rexistro: 42125
Data envio: 27/12/2018 12:43:33.383

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que está sendo ineficiente o gasto en tratamentos oncolóxicos que se ofrece a través do Sistema público de saúde?

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Xoaquín Fernández Leiceaga
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2018 11:20:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/12/2018 11:20:32

Noela Blanco Rodríguez na data 27/12/2018 11:20:36

CSV: REXISTRO-JN4fh3TpF-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:44:02
Nº Rexistro: 42126
Data envio: 27/12/2018 12:44:02.172

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Durante o pasado verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu a decisión de concentrar os servizos de pediatría en atención primaria en torno ás vilas e poboacións máis poboadas e grandes das comarcas galegas. Esta decisión tivo que ver coa necesidade de resolver o problema derivado das vacacións dos e das profesionais que prestan servizo no Sergas, e a ausencia de número suficiente de profesionais de pediatría para cubrir estas ausencias. Nalgúns centros, a ausencia do e da profesional de pediatría cóbrese con médicos de medicina familiar con algunha experiencia previa en atención pediátrica, ou con algunha formación en puericultura, e nunha gran parte deles non ten ningunha cobertura.

Con motivo desa decisión da agrupación do servizo en torno a determinados centros de saúde, e ao fío dunha interpelación e moción presentada polo Grupo Socialista no Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia non confirmou nin desmentiu que a agrupación de profesionais fose unha decisión con previsión de estabilidade, o que acentuou a preocupación de pais e nais que non tiñan certeza sobre a continuidade do servizo de pediatría en primaria, atendido nos seus centros de saúde de referencia por profesionais especialistas en pediatría.

Existen diversos problemas que recrudecen o problema da ausencia de profesionais de pediatría, como a nula vontade do Goberno galego para reclamar do Goberno de España nos últimos anos o aumento notorio de prazas de MIR previa, a deficiente política laboral que prima a inestabilidade e eventualidade nos profesionais que buscan precisamente o contrario, ou a ausencia de políticas de contratación con visión a medio e longo prazo que non só eviten a fuga de profesionais de Galicia a outras comunidades autónomas, senón que procure incorporar ao sistema galego a profesionais doutros lugares.

O problema do deficiente número de profesionais ten consecuencias na perda de calidade do servizo, que na actualidade mantén a ausencia de pediatras en moitos puntos da xeografía, mantendo a decisión da agrupación de pediatras en torno a centros de saúde que funcionan, no respecto a este servizo, como puntos de referencia comarcais.

CSV: REXISTRO-sDnM2XVLQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:44:02
Nº Rexistro: 42126
Data envio: 27/12/2018 12:44:02.172

É preciso, non entanto, considerar o servizo de pediatría coa atención suficiente para facer un plantexamento común que resolva o problema actual na medida do posible, e deseñe as medidas a medio e longo prazo para estabilizar a situación da pediatría coa vontade de fortalecer un servizo moi demandado e valorado pola cidadanía.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a actual situación do servizo de pediatría no Sistema galego de saúde é satisfactoria para a cidadanía?

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2018 11:21:08

Noela Blanco Rodríguez na data 27/12/2018 11:21:15

CSV: REXISTRO-sDnM2XVLQ-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:44:30
Nº Rexistro: 42127
Data envio: 27/12/2018 12:44:30.588

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A Consellería de Sanidade retomou neste 2018 a necesidade de implantar a carreira profesional para o persoal do Sistema sanitario galego, despois de ter paralizado en 2010 esta demanda durante anos ao igual que os acordos xerais cos traballadores aos que chegaron os seus representantes co goberno da Xunta de Galicia no ano 2008, presidido por Emilio Pérez Touriño.

Non entanto, esta aplicación da carreira profesional ten aínda diversas eivas que non son superadas polos acordos chegados. Entre eles, no que afecta ao persoal funcionario sanitario pertencentes á escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria, cabe mencionar que este colectivo non foi incluído no acordo para o desenvolvemento da súa carreira profesional.

Os e as profesionais deste ámbito teñen reivindicado a súa incorporación a este proceso, e diversas melloras respectivas ao seu campo de traballo, máis non son atendidas pola Consellería de Sanidade.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que a Xunta de Galicia non incorpora aos citados conxuntos de profesionais ao acordo de desenvolvemento da carreira profesional?

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2018 11:21:46

CSV: REXISTRO-1xr6MUHyH-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:44:30
Nº Rexistro: 42127
Data envio: 27/12/2018 12:44:30.588

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Noela Blanco Rodríguez na data 27/12/2018 11:21:52

CSV: REXISTRO-1xr6MUHyH-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:56:04
Nº Rexistro: 42130
Data envio: 27/12/2018 12:56:04.492

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O 13 de setembro de 2018, o Consello da Xunta autorizou o decreto polo que se aproba o Regulamento do Taxi, un texto normativo que vén desenvolver o contido da Lei 4/2013, de persoas en vehículos de turismo de Galicia, coñecida como a Lei do taxi, entrando máis ao detalle na regulación de certos aspectos que aparecen recollidos xa na lei.

O regulamento aprobado polo Goberno galego incide na seguridade xurídica, ofrece maiores facilidades aos profesionais do taxi e tamén incide nos dereitos dos usuarios.

En relación cos vehículos de turismo con condutor, os VTC, o decreto regula os únicos aspectos sobre os que a Comunidade Autónoma ten competencias a este respecto: a obriga de identificar mediante un distintivo específico os vehículos que realicen este tipo de servizos, algo para o cal, segundo se ten dito publicamente, o Goberno galego, xa está a tramitar unha orde específica.

Neste grupo parlamentario somos conscientes de que, nos últimos tempos, o colectivo do taxi viu ameazada a súa competitividade polo desequilibrio que se ten producido entre as licenzas de taxi e de VTC. Un problema que o Ministerio de Fomento debe atallar coa definición dun marco normativo claro e estable que garanta a competencia leal e equilibrada entre o sector do taxi e os servizos de alugueiro con condutor.

No ámbito competencial autonómico, o Regulamento que vén de aprobar o Goberno galego, recolle medidas de apoio aos profesionais do taxi, un sector que ten unha importancia estratéxica para a mobilidade da nosa Comunidade.

Por todo o exposto, e de cara a coñecer en profundidade os aspectos máis destacados do Regulamento do Taxi de Galicia, os deputados e deputadas asinantes formulamos as seguintes preguntas orais en Pleno:

- Que medidas recolle o Regulamento do Taxi de Galicia de cara a potenciar este sector estratéxico e favorecer a súa competitividade?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-nQOyTfmgN-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 12:56:04
Nº Rexistro: 42130
Data envio: 27/12/2018 12:56:04.492

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 27/12/2018 12:52:41

Jaime Castiñeira Broz na data 27/12/2018 12:52:56

Jacobo Moreira Ferro na data 27/12/2018 12:53:06

Diego Calvo Pouso na data 27/12/2018 12:53:22

Marta Novoa Iglesias na data 27/12/2018 12:53:34

María Julia Rodriguez Barreira na data 27/12/2018 12:53:47

Gonzalo Trenor López na data 27/12/2018 12:54:11

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/12/2018 12:54:21

CSV: REXISTRO-nQOyTfmgN-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 13:08:58
Nº Rexistro: 42132
Data envio: 27/12/2018 13:08:58.777

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Martín Fernández Prado, Guadalupe Murillo Solís, Marta Novoa Iglesias, Diego Calvo López, Jaime Castiñeira Broz, María Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno.**

Ninguén pode negar a importancia que a ría de Pontevedra ten, desde o punto de turístico e ambiental pero, tamén moi especialmente, no relativo á produción pesqueira e marisqueira.

A situación da atención á discapacidade e á dependencia en Galicia están a sufrir un gran deterioro derivado das políticas de retallos e desatención da Xunta de Galicia, ademais das insufribles listas de espera, do limbo da dependencia, este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinación que sofre a provincia de Ourense.

A Plataforma ProcapOurense (Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional), composta polos nais e nais de nenos e nenas con discapacidade, ANPA do CEE Miño, e unha amplísima representación de organizacións políticas, sindicais, e sociais da provincia de Ourense, leva tempo poñendo en evidencia unha destas discriminacións, evidenciando a falla de infraestruturas públicas non concertadas na provincia que permitan a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos atendidas nese centro ou en calquera outro da provincia.

Ourense é a única provincia que non dispón dun espazo destas características, xa que en Lugo hai un centro en Sarria con 120 prazas, Pontevedra dispón dun en Redondela co mesmo número de prazas, e a provincia da Coruña tamén conta cun centro público para que estas persoas poidan continuar coa súa formación e mellora da saúde. Que Ourense non dispoña dun centro destas características supón auténticos dramas familiares ao ter que separar centos de quilómetros ás nais e pais dos seus fillos e fillas, e vulnera o dereito a decidir das familias, polo que compre dar unha solución áxil e axeitada a esta situación tal como demanda dita Plataforma cidadá.

Ás portas do comezo da campaña electoral das eleccións autonómicas celebradas o 25 de setembro do 2016, a Xunta de Galicia anunciaba o seu compromiso para poñer un marcha un centro público en Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos, sen facer ningún tipo de concreción a respecto de cando se construirá o mesmo, o número de prazas do que disporá, e se os servizos que se presten no mesmo serán todos de titularidade pública.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO-r4vPjs19G-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 10:27:52
Nº Rexistro: 42178
Data envio: 28/12/2018 10:27:52.661

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Tralas protestas, non soamente das nais e pais e de toda a esta plataforma cidadá senón tamén de milleiros de ourensáns e ourensás que saíron as rúas para reclamar a Xunta de Galicia que cumprira os seus compromisos, a Consellería de Política Social mudaba a posible situación do mesmo. Dende o Goberno galego anunciábase que o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade maiores de 21 anos, CAPD de Ourense, se construiría nun solar de 4600 metros cadrados cedido polo Concello de Ourense, radicado no barrio de Barrocás.

O pasado mes de setembro a daquelas Directora Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, na actualidade Conselleira de Política Social, presentaba en Ourense o proxecto elixido polo xulgado entre os 15 que optaban a ser o futuro centro residencial e de atención a persoas con discapacidade de Ourense, que corresponde a idea "Asiste.00"de Iglesias Veiga Arquitectos de A Coruña, que terá un custo de 5,5 millóns de euros.

O proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019, contempla un investimento de 600.000 euros para a construción deste centro.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando estima o Goberno galego que poderá estar en funcionamento o centro de atención a persoas con discapacidade de Ourense?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 27/12/2018 17:07:00

Raúl Fernández Fernández na data 27/12/2018 17:07:06

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2018 17:07:11

CSV: REXISTRO-r4vPjs19G-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 10:28:22
Nº Rexistro: 42179
Data envio: 28/12/2018 10:28:22.909

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández. Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O oriente ourensá, Valdeorras, Trives e Viana está vertebrado e articulado pola OU-533 (A Gudiña-A Rúa), unha estrada pertencente a rede primaria básica da Administración autonómica que comeza na N-525 no concello da Gudiña, e remata no da Rúa na N-120 despois de algo máis de 50 quilómetros de percorrido.

Un eixo de mobilidade que entronca na actualidade coa principal autovía que percorre a provincia de Ourense, e que comunica coa Meseta, e no futuro inmediato permitirá achegar a moitos cidadáns e cidadás destes concellos ao tren de alta velocidade con parada na estación de ferrocarril Porta de Galicia na Gudiña.

A veciñanza desta comarca ourensá leva moitos anos reclamando melloras nesta estrada, co obxectivo de mellorar a mobilidade, reducindo os tempos de percorrido para os e as viaxeiros, incrementando a seguridade viaria nalgúns treitos do seu percorrido, pero que tamén é unha necesidade de comunicación e vertebración da mobilidade das persoas que utilizarán a alta velocidade para efectuar os desprazamentos dentro da nosa comunidade autónoma. Unha infraestrutura de comunicación cuxas melloras repercutirían tamén de maneira positiva no desenvolvemento económico e na competitividade facilitando que os nosos produtos melloren a súa posición nos mercados nacionais e internacionais.

Este eixo norte-sur da zona oriental da provincia de Ourense, que na actualidade é a única vía de conexión entre as comarcas de Valdeorras, O Bolo e Viana, así como único de aceso a Pena Trevinca; constitúe ademais o enlace de Portugal coa comarca de Valdeorras, favorecendo polo tanto a mobilidade por extensión da zona oriental do país luso e noroeste de León.

CSV: REXISTRO-urXulBdXK-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 10:28:22
Nº Rexistro: 42179
Data envio: 28/12/2018 10:28:22.909

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado no que se atopa a estrada autonómica OU-533?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 27/12/2018 17:08:46

Raúl Fernández Fernández na data 27/12/2018 17:08:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/12/2018 17:08:57

María Luisa Pierres López na data 27/12/2018 17:09:02

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/12/2018 17:09:06

CSV: REXISTRO-urXulBdXK-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 10:28:56
Nº Rexistro: 42180
Data envio: 28/12/2018 10:28:56.149

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Atención Temperá está universalmente recoñecida como un conxunto de accións que se orientan cara á prevención e a intervención asistencial dos nenos e nenas que se atopan en situacións de risco ou que presentan algunha discapacidade. Pero, á vez, é un conxunto de intervencións co que se actúa para poder garantir as condicións e a resposta familiar ante estas circunstancias nas diferentes contornas vitais.

En maio de 2000 publicábase o Libro Branco da Atención Temperá, o que supoñía que por primeira vez no noso país se chegara a un consenso científico interdisciplinar das diversas especialidades que conflúen neste campo, coa representación das diferentes Comunidades Autónomas e dos diferentes sectores que inciden no campo da prevención, marcando así un fito histórico. Este é un instrumento rigoroso e indispensable para a comprensión e o desenvolvemento da Atención Temperá, que ademais de contribuír a reforzar o consenso profesional sobre ela, propiciou unha importante expansión que se concretou na posta en marcha de grupos de traballo intersectoriais, e no deseño de plans específicos de Atención Temperá en numerosas comunidades autónomas, incrementáronse os recursos dedicados á intervención temperá, servindo de referencia para a realización de instrumentos técnicos, así como para establecer os plans de formación e especialización profesional.

O marco legal regulatorio en Galicia é, tendo como base legal a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, así como un protocolo de coordinación entre os servizos sanitarios, educativos e sociais asinado no ano 2014.

Sen embargo o escaso esforzo inversor e normativo destes últimos anos, segundo os datos actualizados de recursos dedicados á Atención Temperá de proximidade para nenos e nenas de 0 a 6 anos con problemas educativos, sinala na actualidade unha situación comparativa moi desfavorable para a nosa comunidade autónoma.

CSV: REXISTRO-ZNYbqKkFD-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 10:28:56
Nº Rexistro: 42180
Data envio: 28/12/2018 10:28:56.149

Estas carencias teñen reflexo na escasa extensión da rede, xa que trinta anos despois de que se creara o primeiro servizo de proximidade, de 314 concellos, tan so 92 contan cos servizos de Atención Temperá que marca a normativa do ano 2013, ademais a maioría non amosan unha planificación nin a medio nin a longo prazo. Así, por exemplo, os últimos 6 servizos creados veñen de ser subvencionados por un período de dous meses (do 1 de setembro a 31 de outubro de 2018), e o resto funciona con subvencións periódicas por meses (a través do programa operativo do FSE 2014-2020), ou por convenio renovable anualmente (AGAT), sen que a día de hoxe coñezamos algunha previsión de futuro por parte da Xunta de Galicia. Ademais as carencias no desenvolvemento normativo, producen que a rede galega de atención temperá aínda non teña un sistema regulador das instalacións e dotación equilibrada dos equipos conforme a unha planificación rigorosa de necesidades. Desde xeito esta á suceder que un mesmo número de profesionais (o mínimo de 3 que forma cada equipo) atenden por igual unha comarca de 10.000 que unha de 100.000 habitantes.

Esta orde debería tamén dotar dun soporte informático unificado aos servizos. Polo contrario a normativa de subvencións estableceu condicións absurdas para o trámite e xustificación da actividade dos servizos, obrigando aos profesionais a dedicar unha parte do seu tempo a unha tramitación administrativa que en moitas ocasións resulta excesiva e innecesaria.

Ao mesmo tempo, a Comisión Técnica e o Consello Autonómico de Atención Temperá, creados polo Decreto de 2013, están sufrindo unha preocupante inactividade durante estes últimos anos, cando a complexidade e implicación na Atención Temperá dos servizos sociais, educativos e sanitarios debera dar lugar a unha dinamización e coordinación destes organismos administrativos, así como a desaparición na EGAP do Plan de formación en Atención Temperá (despois das edicións 2015 e 2016), e a falla de continuidade da Axenda de Atención Temperá 2015-2017, con moitos dos seus obxectivos e liñas de actuación a día de hoxe pendentes de cumprimento.

Os trastornos no desenvolvemento teñen gran transcendencia individual, familiar e social, polo que a responsabilidade da Xunta de Galicia debera ser a de ofrecer unha resposta que evite, no posible, as discriminacións e limitacións subseguintes aos problemas que sofren os nenos e nenas con discapacidade ou con risco de padecelas e as súas familias. O compromiso da nosa sociedade coa protección á infancia, especialmente con aqueles grupos que están en risco de sufrir alteracións no seu desenvolvemento, ademais de ser un expoñente inequívoco de progreso e de solidariedade, ten que involucrar a todos os sectores sociais.

CSV: REXISTRO-ZNYbqKkFD-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 10:28:56
Nº Rexistro: 42180
Data envio: 28/12/2018 10:28:56.149

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Garántese deste xeito a compensación das desigualdades individuais e o dereito para alcanzar un desenvolvemento evolutivo o máis normalizado posible e unha vida plena e independente.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do funcionamento da rede galega de Atención Temperá?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 27/12/2018 17:12:11

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2018 17:12:16

CSV: REXISTRO-ZNYbqKkFD-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 10:29:23
Nº Rexistro: 42181
Data envio: 28/12/2018 10:29:23.966

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O concello de Pereiro de Aguiar (Ourense) ten unha poboación que está en crecemento a respecto do que acontece en moitos concellos da provincia, no ano 1998 tiña 4.673 habitantes cando no 2017 eran xa 6.228, o cal demanda das administracións unha resposta áxil e eficaz ás novas demandas para mellorar a calidade de vida da veciñanza.

No curso escolar actual 2018/2019 a empresa adxudicataria da ruta de transporte escolar nº6 do colexio CPI José García García- Mende, co inicio en Santa Cruz (Nogueira de Ramuín), Armariz, Cebreirós, Cortiñas, Pereiro de Aguiar e Tibias entre outras paradas dispón de 79 usuarios e usuarias entre o alumnado de Educación infantil Primaria, e Secundaria, e alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo, a maioría dos cales son nenos e nenas do Concello de Pereiro de Aguiar.

Todo o alumnado que emprega esta ruta, de acordo coa Instrución 3/2018 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, sobre a xestión do transporte escolar para o curso 2018/2019, son usuarios lexítimos do transporte escolar e gratuíto por pertencer a etapas de escolaridade obrigatoria e cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 quilómetros, utilizando o itinerario máis directo sen desvíos nin rodeos innecesarios, así mesmo, para ser usuario lexítimo do servizo, o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia establecida.

Por outro lado, dita instrución, establece que ao comezo do curso escolar, os servizos provinciais de recursos educativos complementarios da Xunta de Galicia, enviaranlles ás direccións dos centros, unha relación dos vehículos asignados aos contratos de transporte, indicando a súa capacidade o número de matrícula ... coa finalidade de comprobar a correcta execución do servizo (cumprimento correcto do horario de entrada e saída, ruta e paradas…).

CSV: REXISTRO-LWb7fbxtH-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 10:29:23
Nº Rexistro: 42181
Data envio: 28/12/2018 10:29:23.966

Soamente cando circunstancias especiais, debidamente xustificadas aconsellen ampliar os itinerarios existentes, e/ou introducir modificacións, as Xefaturas territoriais elevarán unha proposta á Secretaría Xeral Técnica da Xunta de Galicia.

No curso actual, a empresa adxudicataria de dita ruta de transporte escolar, dispón dun autobús con 55 prazas, número inferior ao de número de usuarios e usuarias lexítimos do servizo, o cal levou a realizar unha dobraxe da ruta, co fin de dar servizo a todos e todas.

Así por exemplo o primeiro traxecto comeza recollendo aos usuarios e usuarias sobre as 07:10 horas na localidade de Santa Cruz (Nogueira de Ramuín), percorrendo o resto de paradas autorizadas, e chegando sobre as 08:25 horas ao colexio (horario de entrada ao centro 09:00 horas). No segundo traxecto regresa pola súa ruta ata a localidade de Cortiñas, e percorre as últimas catro paradas para tentar chegar ás 09:00 horas, o cal supón que para chegar a tempo teña que aumentar a velocidade, incrementándose tamén deste xeito o risco de accidente.

Na recollida á saída do centro tamén existe un dobre percorrido, e obriga a que parte do alumnado teña que esperar case 45 minutos dende a saída do centro, que luns, mércores e venres finaliza ás 15:00 horas e os martes e xoves ás 16:00 horas. Ocasionando graves prexuízos para as familias pois afecta á conciliación, ao alumnado pois afecta ao tempo de estudo, de descanso, de ocio; e aos propios traballadores e traballadoras do centro, que deben ampliar o seu horario laboral para acompañar ao alumnado ata a saída do transporte.

Doutra banda, os municipios do rural de Pereiro de Aguiar, Esgos e Nogueira de Ramuín, cunha poboación estimada de 10.000 habitantes, dos cales preto de 1.200 contan cunha idade inferior ao 16 anos, non dispoñen dun centro público de educación secundaria e bacharelato debéndose desprazar os escolares ata o centro CPI José García García.

CSV: REXISTRO-LWb7fbxtH-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 10:29:23
Nº Rexistro: 42181
Data envio: 28/12/2018 10:29:23.966

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Coñece a Xunta de Galicia os problemas aos que se están enfrontando as persoas usuarias da ruta de transporte escolar do CPI José García García de Mende (Ourense)?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 27/12/2018 17:14:23

Raúl Fernández Fernández na data 27/12/2018 17:14:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/12/2018 17:14:32

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/12/2018 17:14:36

CSV: REXISTRO-LWb7fbxtH-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 10:29:55
Nº Rexistro: 42182
Data envio: 28/12/2018 10:29:55.548

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O envellecemento poboacional constitúe unha realidade e singular característica para Galicia, que irá en aumento nos próximos anos, sen que teña para moitas das persoas maiores unha axeitada resposta por parte dos poderes públicos e en concreto por parte da Comunidade Autónoma, competente en materia de servicios sociais que inclúe ás políticas de familia, benestar social, inclusión social, servicios comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.

O informe publicado recentemente polo Consello de Contas sobre "*O gasto público autonómico en centros residenciais para persoas maiores e persoas con discapacidade*". sinala nas súas conclusións que a ratio de prazas residenciais en Galicia é inferior á media estatal, e sitúase moi por debaixo do recomendado pola OMS, producíndose ademais nestes últimos anos un maior incremento das prazas privadas (na actualidade o 65 % do total das prazas ofertadas) en detrimento das xestionadas directamente pola Administración autonómica.

Esta aposta do goberno de Feijoo pola privatización de servizos públicos amósase tamén na fiscalización que o Consello de Contas realizou dos gastos de funcionamento dos centros públicos, que descenden desde o ano 2012 a pesar de que o número de prazas residenciais permaneceu case inalterable, así como o dos gastos de persoal das residencias xestionadas pola Xunta de Galicia, que experimentaron un descenso dun 7,1 % no exercicio 2015 con respecto ao exercicio 2010, debido ás medidas de contención para corrixir o déficit público e a non cobertura das ausencias nas xornadas mediante contratacións temporais.

Todo elo cando a pesares de que son numerosas as persoas maiores que en Galicia demandan unha praza residencial, pero non poden ter acceso á mesma e dadas as cifras demográficas, serán máis no futuro inmediato. Así para dentro de quince anos, no 2031, o IGE prevé que existan da orde de 780.000 persoas de 65 ou máis anos, un aumento superior ao 17 % con respecto ás cifras actuais. Sen que a planificación da Xunta de Galicia pareza ter en conta tales previsións de acontecementos a curto e medio prazo, senón que, ao contrario: mantén un

CSV: REXISTRO-qFmbQg3ga-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 10:29:55
Nº Rexistro: 42182
Data envio: 28/12/2018 10:29:55.548

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

inaceptable e moi considerable retraso ao respecto das actuacións que debera levar adiante co obxecto de facer fronte a esta importante carencia pública.

Unha das comarcas que presenta un maior índice de envellecemento é a da Baixa Limia, en Ourense, onde segundo datos do IGE do ano 2017, a poboación maior de 64 anos representa o 45 % do total. Tendo en conta esta situación, a veciñanza e o PSdeG leva moitos anos reclamando a posta en marcha dunha residencia pública no concello de Lobios, situado na Baixa Limia. Esta ten sido unha promesa electoral do PP recorrente, que ata o de agora, e despois de máis de nove anos de goberno de Feijoo, segue sen concretarse por parte da Consellería de Política Social.

Recentemente tiñamos coñecemento, a través dos medios de comunicación de que a Deputación de Ourense, o Concello de Lobios e a Fundación San Rosendo asinaran un convenio a tres bandas para construír una residencia de maiores de oitenta prazas. Segundo se comunicou, o Concello porá os terreos, a Deputación aportará 400.000 euros para as obras, e a Fundación promoverá a construción e xestionará o servizo.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego construír unha residencia pública de maiores no concello ourensá de Lobios?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 27/12/2018 17:16:20

Raúl Fernández Fernández na data 27/12/2018 17:16:24

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2018 17:16:28

CSV: REXISTRO-qFmbQg3ga-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 11:09:34
Nº Rexistro: 42188
Data envio: 28/12/2018 11:09:34.178

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral no Pleno**, relativa á situación de Alcoa na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de outubro a empresa Alcoa comunicou aos cadros de persoal así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña. O grupo conta na Coruña con preto de 400 traballadores e traballadoras, polo que a consumación do peche tería un enorme impacto na cidade e na súa contorna, ademais de contribuír á perda de tecido industrial en Galiza.

Unha das razóns fundamentais do peche vén sendo o prezo da factura da luz, que supón máis do 50% dos custos de produción. Unha evidencia máis de que a defensa que fai o nacionalismo da necesidade de mudar o sistema de poxas de interrompibilidade por un máis estábel, así como promover unha tarifa eléctrica galega que dea vantaxes competitivas ás empresas radicadas no noso país, está de extrema actualidade.

O pasado 27 de decembro o grupo Alcoa prorrogou a negociación do ERE até xaneiro. Porén, até a altura as propostas desenvolvidas pola Xunta de Galiza e o goberno central non parecen ter sido efectivas.

CSV: REXISTRO-nJc2wASNc-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 11:09:34
Nº Rexistro: 42188
Data envio: 28/12/2018 11:09:34.178

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer o goberno galego para paliar a situación de Alcoa na Coruña?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2018 11:06:56

María Montserrat Prado Cores na data 28/12/2018 11:07:02

Ana Pontón Mondelo na data 28/12/2018 11:07:04

CSV: REXISTRO-nJc2wASNc-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 11:09:34
Nº Rexistro: 42188
Data envio: 28/12/2018 11:09:34.178

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/12/2018 11:07:06

Olalla Rodil Fernández na data 28/12/2018 11:07:08

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2018 11:07:11

CSV: REXISTRO-nJc2wASNc-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 11:37:14
Nº Rexistro: 42196
Data envio: 28/12/2018 11:37:14.111

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á industria electrointensiva.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante as últimas semanas varias comarcas do noso país recibiron a ameaza de peche ou baixada de produción industrial de empresas como Alcoa ou Ferroatlántica. Isto acontece nun momento de escalada do prezo da electricidade e de grande inestabilidade nas industrias electrointensivas por mor das mudanzas no sistema de interrumpibilidade e do resultado das poxas. Porén, ten nas súas raíces tamén décadas de falta de planificación industrial por parte da Xunta de Galiza e do goberno central.

Froito desta situación están hoxe en situación de risco arredor de 400 postos de traballo na factoría de Alcoa na Coruña ao que veñen de sumarse arredor de 500 entre todos os centros de produción pertencentes a Ferroatlántica en Sabón e Cee-Dumbría. Unha situación preocupante que suporía avanzar na perda de músculo industrial da economía galega, que cada vez descansa máis no sector servizos e menos nas áreas que poderían desenvolverse con base á innovación e a xeración do valor engadido.

Esta situación é favorecida pola regulación do mercado de traballo despois das reformas laborais de PP e PSOE, que coartan a capacidade de negociación laboral da

CSV: REXISTRO-PIMMOaAFv-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 11:37:14
Nº Rexistro: 42196
Data envio: 28/12/2018 11:37:14.111

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

clase traballadora, e pola ausencia dun marco galego de relacións laborais. Así mesmo, é favorecida pola ausencia de fiscalización do Estado ao sector electrointensivo, que durante anos ingresou importantes primas pola xestión da demanda sen que ninguén esixira a cambio o mantemento dos postos de traballo ou a modernización produtiva.

Máis aínda, esta é unha situación inxusta para un país cunha enorme potencia produtora de enerxía, que exporta unha media dun 35% cada ano. É cada vez máis evidente que a Galiza de hoxe sofre as consecuencias dun proceso de explotación colonial no que por decisións alleas o noso país ten imposto o papel de produtor de enerxía. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español, que mentres nos adxudicou ese papel e impediu que teñamos beneficios que compensen o seu impacto social e ambiental, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.

Cómpre tamén recordar que no caso de Ferroatlántica estamos a falar dunha empresa que obtén parte dos seus importantes beneficios anuais grazas á explotación dos nosos recursos naturais, por exemplo na mina de Serrabal onde obtén unha materia prima excepcional malia que despois non desenvolver a súa transformación pechando o ciclo produtivo en Galiza, ou no centro de Cee-Dumbría mediante a explotación hidráulica do río Xallas. Recentemente Villar Mir pretendeu levar a cabo unha operación de especulación intentando vender esas centrais, que son unha cesión pública baixo o compromiso do mantemento dos postos de traballo. Porén, a forza colectiva dos e das traballadoras e do pobo galego conseguiron facer presión para que iso non chegar a acontecer. Vemos, nesta nova operación que busca castigar as fábricas galegas, que son rendíbeis economicamente, un intento de vinganza e chantaxe que non imos permitir.

CSV: REXISTRO-PIMMOoAFv-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 11:37:14
Nº Rexistro: 42196
Data envio: 28/12/2018 11:37:14.111

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos diante dunha situación excepcional que require dunha forte intermediación por parte das administracións para evitar que o modelo de industria colonial que se ten aplicado, sumado ao irracional sistema de xestión eléctrica, supoñan novas perdas en materia de emprego e tecido industrial.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para frear a perda de emprego na industria electrointensiva?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO-PIMMOoAFv-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 11:37:14
Nº Rexistro: 42196
Data envio: 28/12/2018 11:37:14.111

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2018 11:27:35

María Montserrat Prado Cores na data 28/12/2018 11:27:41

Ana Pontón Mondelo na data 28/12/2018 11:27:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/12/2018 11:27:45

Olalla Rodil Fernández na data 28/12/2018 11:27:47

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2018 11:27:49

CSV: REXISTRO-PIMMOoAFv-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:01:12
Nº Rexistro: 42210
Data envio: 28/12/2018 12:01:12.712

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral no Pleno**, relativa ás condicións de cesión e uso por parte da fundación privada Cipri Gomes do antigo instituto de Viana do Bolo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2012, como xa daquela denunciou publicamente o Bloque Nacionalista alego, o concello de Viana do Bolo, cuxa alcaldía ostentaba o señor Andrés Montesinos Rodríguez, cedeu a título gratuíto o edificio do antigo instituto á Fundación "Cipri Gomes" así como o seu polideportivo anexo. A solicitude de cesión do inmoble fora solicitada pola mencionada fundación con data do 15 de febreiro de 2015. Con posterioridade, trala tramitación do oportuno expediente foi acordada no pleno do día 19 de abril de 2012 a cesión gratuíta por un prazo máximo de trinta anos para destinalo teoricamente a un centro de tecnificación deportiva e formación ocupacional.

Xa por aquel entón as e os nacionalistas indicamos que faltaba claridade financeira, ao non recoller concrecións a memoria presentada por tal fundación, que non esclarecía a orixe do seu financiamento nin con que apoios económicos contaba. Faltaba tamén concreción temporal para o desenvolvemento da súa actividade nin prazos de execución do investimento nin tan sequera de presentación do proxecto. Finalmente, fomos contundentes tamén coa falta de participación municipal.

CSV: REXISTRO-XTFMVQeOK-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:01:12
Nº Rexistro: 42210
Data envio: 28/12/2018 12:01:12.712

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pasado o tempo e segundo información pública que consta nos soportes dixitais da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a fundación Cipri Gomes foi beneficiaria dunha subvención vencellada os programa Leader, que nace co obxectivo de descentralizar as políticas de desenvolvemento rural e que sexan as poboacións quen o impulse, cun montante de 199.829,48€ (expediente L12 41300 11 0063). Dita subvención, ten como obxecto o citado entro de tecnificación de actividades físico deportivas de lecer e formación, tal e como se pode comprobar na súa resolución do 20 de decembro de 2013, do director xeral de Agader, pola que se aproba o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e se modifican as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento de entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013.

Na actualidade, malia diversas solicitudes de información, non consta información para o concello a respecto da realización das actividades comprometidas para a obtención de subvención e é posíbel que o non uso das instalacións para o fin comprometido poida implicar a reversión da concesión e o seu retorno para a xestión pública. Ademais, é de especial importancia auditar as actuacións subvencionadas por un programa que constitúe un recurso potencialmente útil para unha poboación con tantas necesidades de intervención como é a de Viana do Bolo.

Por todos estes motivos, o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentou unha Proposición non de lei que foi sometida a debate e aprobación por unanimidade, con modificacións, na Comisión 3ª celebrada o 8 de setembro de 2017, co seguinte texto: «O Parlamento galego acorda instar a AGADER, seguindo o Plan de controis e disposicións do Feader en Galicia, a elaborar e remitir ao Concello de Viana do Bolo e mais ás partes afectadas unha auditoría sobre a obtención e uso de recursos

CSV: REXISTRO-XTFMVQeOK-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:01:12
Nº Rexistro: 42210
Data envio: 28/12/2018 12:01:12.712

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicos ao abeiro do expediente nº L12-413-11-063 para a creación do Centro de Tecnificación de Actividades Físico-Deportivas de Lecer e Formación instado pola Fundación Cipri Gomes, no que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta das instalación do Concello de Viana do Bolo.»

Porén, pasado un ano continuamos sen ter unha resolución ao respecto. Por estes motivos, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

Ten constancia a Xunta de Galiza de se a Fundación Cipri Gomes de Viana do Bolo cumpre coas funcións comprometidas para a obtención de recursos económicos a través da Agader e os fondos Leader?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-XTFMVQeOK-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:01:12
Nº Rexistro: 42210
Data envio: 28/12/2018 12:01:12.712

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2018 12:00:24

María Montserrat Prado Cores na data 28/12/2018 12:00:30

Ana Pontón Mondelo na data 28/12/2018 12:00:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/12/2018 12:00:34

Olalla Rodil Fernández na data 28/12/2018 12:00:36

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2018 12:00:38

CSV: REXISTRO-XTFMVQeOK-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:12:38
Nº Rexistro: 42233
Data envio: 28/12/2018 12:12:38.284

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marían García Míguez, Martin Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Pleno do Parlamento Europeo sometía a votación a finais de outubro a proposta de xestión para as poboacións demersais das augas occidentais, tanto da área norte coma do sur, para os vindeiros anos. A continuación, entrará nunha fase de trílogos antes da súa aprobación definitiva.

Estamos a falar dunha proposta da Comisión que contempla un plan plurianual que responde a unha dobre necesidade: unha maior previsibilidade das decisións de xestión, gracias a unha programación a longo prazo, e por outra banda, unha toma en consideración das especificidades e as contribucións das partes interesadas mediante un enfoque rexional.

As augas occidentais comprenden unha zona do Atlántico Nororiental que inclúe as augas ao oeste de Escocia e Irlanda, o Mar Céltico, o Mar de Irlanda, o Canal da Mancha e o Golfo de Vizcaya, as augas ibéricas e as que rodean as Azores, Madeira e Canarias.

Son moitas as frotas pesqueiras que faenan nesa zona, nomeadamente as de Bélxica, Francia, Alemaña, Irlanda, Países Baixos, Portugal, España e o Reino Unido.

En definitiva, trátase dun caladoiro que conta con especies moi comerciais, como bacallau, pescada, solla, cigala, rape ou galos, que representaron un total de 368.000 toneladas en 2017 e un valor de primeira venda en torno a 1.400 millóns de euros.

Por outra banda, dáse como probable que esta decisión adoptada por parte da Unión Europea garde estreita relación co debate xerado en torno á saída do Reino Unido do ámbito da Unión Europea e as consecuencias que este feito poida ter para o sector pesqueiro comunitario que faena en augas do Atlántico Nororiental.

Ante todo o sinalado anteriormente, os deputados e deputadas asinantes formula a seguinte pregunta oral en pleno:

-Cal é a opinión do Goberno galego sobre a Proposta do Plan Plurianual das augas occidentais e augas adxacentes?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-31mypDx33-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:12:38
Nº Rexistro: 42233
Data envio: 28/12/2018 12:12:38.284

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 28/12/2018 12:07:19

María Ángeles Garcia Míguez na data 28/12/2018 12:08:13

Martín Fernández Prado na data 28/12/2018 12:08:21

Alberto Pazos Couñago na data 28/12/2018 12:08:37

Marta Rodriguez Arias na data 28/12/2018 12:08:52

María Soraya Salorio Porral na data 28/12/2018 12:09:11

Daniel Vega Pérez na data 28/12/2018 12:09:21

CSV: REXISTRO-31mypDx33-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:39:04
Nº Rexistro: 42243
Data envio: 28/12/2018 12:39:04.348

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral no Pleno,** relativa á situación das autoescolas galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 27 de setembro de 2017 o Bloque Nacionalista Galego defendeu no Pleno do Parlamento galego unha Proposición non de lei relativa á situación límite de moitas autoescolas galegas diante da folta de persoal examinador e ás actuacións que debía levar a cabo a Xunta de Galiza para paliar o seu impacto económico e buscar unha saída.

Grazas á xenerosidade e vontade de diálogo dos demais grupos parlamentares foi posíbel aprobar unha transacción con seguinte texto:

"O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Avaliar, en diálogo cos sectores afectados, o impacto da crise derivada dos conflitos coa Dirección Xeral de Tráfico e a necesidade de impulsar medidas fiscais e económicas para evitar o peche de pequenas e medianas empresas e o despedimento de traballadores e traballadoras.

CSV: REXISTRO-T15yY6gpw-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:39:04
Nº Rexistro: 42243
Data envio: 28/12/2018 12:39:04.348

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Dirixirse ao Goberno Central para demandarlle a atención e negociación cos traballadores e traballadoras do persoal examinador de tráfico de cara a buscar un consenso.

3. demandar do Goberno central a transferencia das competencias en materia de tráfico e seguranza vial."

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cando falemos de condicións laborais onde as posibilidades de intervención nas mesmas non poidan derivar nunha solución suficiente para dita penosidade. Este procedemento é desenvolvido ao abeiro do Real Decreto 1698/2011, do 18 de novembro, polo que se regula o réxime xurídico e o procedemento xeral para estabelecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no Sistema da Seguridade Social.

Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que un dos sectores que deben avanzar no recoñecemento de dereitos e, máis concretamente, das súas condicións de xubilación, é o sector naval. Dunha banda, cómpre recordar a importancia no noso país do sector, que sobreviviu ás diferentes reconversións e aos vetos de facto por parte do goberno central para a construción civil na ría de Ferrol, por exemplo. Doutra banda, da análise das súas condicións de traballo só pode extraerse a pertinencia do estabelecemento de coeficientes redutores, máis aínda se observamos outros sectores similares que si teñen desenvolvido este dereito.

A actividade no sector naval é dura tanto pola propia actividade, caracterizada por unha alta esixencia física, como polo ámbito onde se desenvolve, maioritariamente a expensas da climatoloxía e nunha contorna que vai mudando segundo o encargo a desenvolver. Isto repercute nun nivel de riscos laborais considerábeis que non é posíbel paliar na totalidade coa prevención e a actividade leva aparellada un importante desgaste. Así mesmo, cómpre recordar que este sector leva vivindo moitos anos as consecuencias da exposición ao amianto e a demora na súa prohibición no Estado español, algo que sumado ao seu longo período de latencia fai que sexan a estas alturas xa moitos os traballadores mortos ou afectados polo contacto con este produto. Un exemplo que evidencia a necesidade de estudar e profundar nas características desta actividade e avaliar as melloras das condicións que se poidan poñer en marcha.

CSV: REXISTRO-EVuG5m98L-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 10:50:47
Nº Rexistro: 42310
Data envio: 02/01/2019 10:50:47.461

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai demandar o goberno galego do goberno central o estabelecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación par o persoal empregado no sector naval?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2019 10:50:05

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2019 10:50:11

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2019 10:50:12

CSV: REXISTRO-EVuG5m98L-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 10:50:47
Nº Rexistro: 42310
Data envio: 02/01/2019 10:50:47.461

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2019 10:50:15

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2019 10:50:17

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2019 10:50:18

CSV: REXISTRO-EVuG5m98L-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 10:52:39
Nº Rexistro: 42313
Data envio: 02/01/2019 10:52:39.502

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Ferroatlántica é unha das industrias electrointensivas existentes en Galiza. A día de hoxe este tipo de industria ten unha parte moi relevante dos seus custos de produción no consumo enerxético, o que está a xerar unha grande inestabilidade marcada non só polo alto prezo da enerxía, senón polas mudanzas que se veñen posto en práctica no sistema de interrumpibilidade no último ano e medio, que veu a engadir máis incerteza aínda da que xa caracterizaba o mecanismo.

A xestión da interrompibilidade está recollida na lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, que introduce no seu artigo 49 sobre a xestión da demanda a potestade da Administración para adoptar medidas, entre as que se recolle a prestación do servizo de interrompibilidade xestionado polo operador del sistema que incentiven a mellora do servizo e a eficiencia e aforro enerxéticos, podendo dar o cumprimento dos obxectivos previstos en ditas medidas ao recoñecemento dos custos para a posta en práctica. Recentemente, no BOE do 14 de novembro de 2018 publicábase a *"Resolución de 6 de noviembre de 2018, de la Secretaría de Estado de Energía, por la que se aprueba el*

CSV: REXISTRO-Fv4ESFdS6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 10:52:39
Nº Rexistro: 42313
Data envio: 02/01/2019 10:52:39.502

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

calendario y las características del procedimiento competitivo de subastas para la asignación del servicio de gestión de la demanda de interrumpibilidad regulado en la Orden IET/2013/2013, de 31 de octubre, para el periodo de entrega comprendido entre el 1 de enero y el 30 de junio de 2019."

En Galiza hai varias empresas electrointensivas nunha situación crítica despois desta poxa. Cómpre recordar que os incentivos sufriron un drástico descenso. Por exemplo, se o prezo medio para o 1º semestre 2018 foi de 143.393 euros /MW para o 1º semestre 2019 a resultante é a metade, 77.807 euros/MW.

Alén do delicado caso de Alcoa, coa ameaza de peche da factoría da Coruña, mais tamén polas derivadas que poida ter a respecto das unidades da Mariña. Outra das máis importantes é Ferroatlántica, que vén de anunciarlle ao seu cadro de persoal en Sabón un ERE polo malo resultado da poxa. Máis aínda, cómpre recordar que estamos a falar dunha empresa que obtén parte dos seus importantes beneficios anuais grazas á explotación dos nosos recursos naturais, por exemplo na mina de Serrabal onde obtén unha materia prima excepcional ou no centro de Cee mediante a explotación hidráulica.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos que estamos diante dunha situación excepcional que require dunha forte intermediación por parte das administracións para evitar que o modelo de industria colonial que se ten aplicado, sumado ao irracional sistema de xestión eléctrica supoñan novas perdas en materia de emprego e tecido industrial.

CSV: REXISTRO-Fv4ESFdS6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 10:52:39
Nº Rexistro: 42313
Data envio: 02/01/2019 10:52:39.502

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para evitar a perda de postos de emprego e capacidade produtiva en Ferroatlántica?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2019 10:52:03

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2019 10:52:07

CSV: REXISTRO-Fv4ESFdS6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 10:52:39
Nº Rexistro: 42313
Data envio: 02/01/2019 10:52:39.502

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2019 10:52:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2019 10:52:10

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2019 10:52:12

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2019 10:52:13

CSV: REXISTRO-Fv4ESFdS6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:01:53
Nº Rexistro: 42320
Data envio: 02/01/2019 11:01:53.812

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

As perspectivas para o 2018 canto á suba de prezos e o seu correlato na situación económica das e dos galegos non é todo o alentadora que pretendeu a autocomplacencia do Partido Popular na Xunta e no Estado nin ten sido obxecto de atención por parte do goberno socialista de Pedro Sánchez. A isto súmase unha fiscalidade excesiva e abusiva que debe ser revisada.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos unha fonda preocupación pola situación que atravesan moitos galegos e galegas. As consecuencias da crise socioeconómica sobre a capacidade financeira os fogares galegos continúan a ser un problema á orde do día debido á falta de recuperación económica, á consolidación do desemprego e a inestabilidade laboral. Deste xeito, observamos que malia incrementárense os custos da vida (luz, gas, combustíbeis, peaxes…) non aumenta a capacidade económica e isto leva a que moitas persoas o pasen realmente mal para pagar servizos tan básicos como a electricidade.

O prezo da electricidade subiu un 10% en 2017 e prevese para 2018 acadar o prezo máximo da historia. Malia a importancia doutros factores como os climáticos, é

CSV: REXISTRO-GISqGDGkT-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:01:53
Nº Rexistro: 42320
Data envio: 02/01/2019 11:01:53.812

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obvio que o sistema de fixación do prezo da factura, sempre en base á tecnoloxía máis cara que participa, é determinante. Porén, non son a única causa de que teñamos unha factura tan elevada e hai decisións políticas que se poden tomar con carácter inmediato para abaratala.

A electricidade ten no Estado Español ten unha fiscalidade excesiva, ademais do Imposto Especial á Electricidade, ten o IVE no tramo máis alto, do 21%, o que fai que sexa un dos IVE máis altos de Europa por detrás dos países nórdicos. Máis aínda, as e os galegos pagarán máis por causa dos suplementos autonómicos.

Faise a todas luces evidentes que é precisa unha racionalización da súa fiscalidade, que pasaría por reducir os impostos aplicados e como medida urxente sería preciso comezar por rebaixar o IVE do 21% ao tipo superreducido do 4%. A única razón para que isto non se faga é o afán recadatorio do Estado, polo que nun contexto onde a factura eléctrica ten chegado aos niveis máis altos da última década mentres aumenta a recadación do Estado a niveis pre crise, é preciso aplicar un IVE acorde coa concepción da enerxía como un servizo elemental.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno galego necesario reducir o IVE aplicado á factura eléctrica?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2019

CSV: REXISTRO-GISqGDGkT-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:01:53
Nº Rexistro: 42320
Data envio: 02/01/2019 11:01:53.812

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2019 11:01:17

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2019 11:01:23

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2019 11:01:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2019 11:01:26

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2019 11:01:27

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2019 11:01:30

CSV: REXISTRO-GISqGDGkT-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:12:05
Nº Rexistro: 42325
Data envio: 02/01/2019 11:12:05.354

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á satisfacción das demandas das plataformas de emigrantes retornados e retornadas en relación coa tributación das súas pensións e ao cumprimento dos acordos plenarios na materia.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente como o actual sistema impositivo non está a contribuír a corrixir as desigualdades económicas nin para redistribuír a riqueza. Ben ao contrario, as decisións que foron emanando ao respecto por parte do goberno central foron na dirección contraria e supuxeron grandes problemas para as maiorías sociais. Un dos sectores máis afectados foi o das e dos pensionistas galegos e, de forma especial, as e os emigrantes retornados.

Xa desde o ano 2013 tiveron que mobilizarse e organizarse socialmente para dar resposta ás inxustizas arbitradas pola facenda estatal. Milleiros de galegos e galegas viron como despois de traballar mesmo décadas fóra de Galiza obtiñan un tratamento fiscal desigual que os situaban como defraudadores e defraudadoras ao tempo que se ían coñecendo publicamente os casos de corrupción e malversación de dirixentes do Partido Popular. Se foran expulsados da súa terra de orixe nos mellores anos da súa vida, volvían recibir un duro golpe. Porén, a súa vontade incansábel conseguiu forzar cambios normativos que permitiron, grazas á mobilización popular e á contestación social, que moitas persoas recuperaran o perdido. A finais do ano 2014, a través da disposición

CSV: REXISTRO-pa75WjQhj-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:12:05
Nº Rexistro: 42325
Data envio: 02/01/2019 11:12:05.354

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

adicional da Lei 26/2014 introduciuse unha modificación mediante a que de forma implícita o goberno central viña a recoñecer que a Axencia Tributaria viña realizando unha interpretación abusiva das disposicións legais. Desta forma, estabeleceuse un período de regularización e o establecemento dun período voluntario de tributación para os e as que aínda non teñan realizado a declaración.

Porén, hai que sinalar tamén que estas mudanzas son aínda insuficientes e non supuxeron unha recuperación global dos dereitos vulnerados nin a tranquilidade para as diferentes casuísticas. A día de hoxe segue sen existir unha regulación real, clara e xusta da tributación para os e as emigrantes retornadas. Este colectivo continúa a pé de rúa para demandar ao goberno español o cumprimento dos convenios bilaterais asinados cos Estados membros, a eliminación dos expedientes abertos e o impulso de cambios normativos para homoxeneizar o status das pensións independentemente da súa orixe no marco do estado español ou no marco estranxeiro.

Unha das ausencias máis significativas é a referente ao tratamento xusto das pensións de invalidez. Neste sentido, en abril de 2017 o Bloque Nacionalista Galego impulsaba no Parlamento Galego un acordo ao respecto que foi adiante co seguinte contido: «O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se demande do Goberno español que nas negociacións dos convenios de dobre imposición se introduza unha cláusula que permita o recoñecemento dos certificados de invalidez de calquera dos estados contratantes para os efectos das obrigas tributarias que podan ter as súas pensións no país de residencia do ou da pensionista.». Porén, desde entón non se teñen producido cambios significativos a favor deste colectivo. Máis aínda, temos noticia de feitos preocupantes ao coñecermos casos que se ben até o momento tiñan rematado con sentenzas favorábeis cara as e os contribuíntes, comezaban a determinarse como desestimatorias, visibilizando un cambio de criterio por parte dos operadores xurídicos. Un cambio de criterio que desde a formación nacionalista vemos con preocupación, xa

CSV: REXISTRO-pa75WjQhj-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:12:05
Nº Rexistro: 42325
Data envio: 02/01/2019 11:12:05.354

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que pola parte competente aos organismos administrativos do social tampouco se ten dado unha mellora e actualización das canles a seguir para solucionar estas situacións, nin se prevén novos mecanismos que superen a saturación e listas de agarda que existen na actualidade.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o goberno galego que está garantido o tratamento igualitario e homoxéneo para a tributación das pensións das e dos emigrantes retornados a Galiza?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO-pa75WjQhj-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:12:05
Nº Rexistro: 42325
Data envio: 02/01/2019 11:12:05.354

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2019 11:11:31

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2019 11:11:36

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2019 11:11:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2019 11:11:38

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2019 11:11:39

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2019 11:11:41

CSV: REXISTRO-pa75WjQhj-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:19:28
Nº Rexistro: 42328
Data envio: 02/01/2019 11:19:28.365

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

As industrias electrointensivas teñen un importante peso na produción industrial e na xestión do emprego en Galiza. Unha delas é Alcoa, que o pasado 17 de outubro comunicou aos cadros de persoal así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña. Unha situación preocupante que ten mobilizada á sociedade e require de avanzar nos pasos que se teñen dado desde o ámbito institucional.

Cómpre recordar que o sistema de interrompibilidade vén sufrindo nos dous últimos anos diferentes modificacións do seu desenvolvemento de cara a adaptarse ás esixencias do marco europeo. As modificacións da anterior regulación do mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade ten espertado as alertas na industria electrointensiva e abre diferentes dúbidas sobre como poderá afectar á industria situada no noso país, xa que muda de forma importante o mecanismo de capacidade. Fóra de ir cara unha corrección desta situación e a mudanza por unha tarifa industrial estábel, semella polas últimas novidades que a intención do goberno central pasa por manter este sistema e as poxas cada seis meses. As propostas verquidas polo presidente da Xunta de cara a fornecelas para períodos dun lustro tampouco parece avanzar.

CSV: REXISTRO-IpdHYzTXD-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:19:28
Nº Rexistro: 42328
Data envio: 02/01/2019 11:19:28.365

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paralelamente, o Comité de Empresa de Alcoa trasladou á Xunta de Galiza, ao goberno central e aos grupos parlamentares unha serie de propostas con data de rexistro do 30 de outubro de 2018 que merecen ser consideradas, asumidas como propias e defendidas. É preciso insistir á compañía Alcoa para que non leve a cabo o expediente de extinción de emprego así como impulsar de forma inmediata a constitución dunha mesa de negociación con todas as partes implicadas para atopar unha solución urxente que garanta o mantenemento da actividade empresarial e o emprego, así como implicarse para achegar seguridade e permitir ao conxunto das empresas eletrointensivas competir en igualdade de condicións co resto de factorías a nivel internacional.

Así mesmo, vistos os pasos da propia empresa nas últimas semanas e a insuficiencia... é pertinente tamén poñer enriba propostas vinculadas a que o Estado interveña nesta cuestión. Isto é algo que se ten dado noutros países, noutras ocasións e que mesmo recolle a Constitución española. Desde o Bloque Nacionalista Galego temos clara a defensa da participación pública dos sectores estratéxicos e que é preciso, de non verificarse solucións, apostar pola intervención nesta situación.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai demandar a Xunta de Galiza do goberno central a intervención pública en Alcoa Coruña?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

CSV: REXISTRO-IpdHYzTXD-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:19:28
Nº Rexistro: 42328
Data envio: 02/01/2019 11:19:28.365

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2019 11:17:32

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2019 11:17:37

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2019 11:17:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2019 11:17:41

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2019 11:17:42

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2019 11:17:43

CSV: REXISTRO-lpdHYzTXD-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:21:28
Nº Rexistro: 42330
Data envio: 02/01/2019 11:21:28.852

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

A industria da transformación da madeira é un vector da economía galega, e a fabricación e instalación de mobiliario unha das súas vertentes cun importante impacto no sector, onde Galiza é selo de calidade.

Diante dun anuncio de ERE por parte dos actuais propietarios de Noa Madera Creativa, recentemente o Bloque Nacionalista Galego mantivo reunións e contactos de forma constante co Comité de Empresa. Cabe salientar que esta é unha empresa situada en Fene, no polígono de Vilar do Colo, e que na actualidade dá traballo a arredor de 250 persoas de forma directa, unha cifra meirande se temos en conta as tarefas derivadas e complementarias.

Desde hai máis dun mes estase a vivir na localidade e, por extensión, na comarca unha situación de grande preocupación derivada do anuncio por parte da empresa da presentación dun ERE extintivo que afectaría a máis de 100 traballadoras e traballadores e que implicaría reducir a empresa case á metade e tería un grande impacto social e económico.

A representación do Comité de Empresa explicou que a situación parte da absorción de Noa Madera por parte do grupo Malasa –que ten como cliente prioritario a

CSV: REXISTRO-4gQRkNh9A-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:21:28
Nº Rexistro: 42330
Data envio: 02/01/2019 11:21:28.852

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Inditex- o pasado mes de agosto, e o anuncio dun posíbel ERE non está baseado en problemas de produción, senón máis ben nun intento da actual propietaria de ameazar co ERE extintivo para, en realidade, facer unha política de precarización das condicións laborais para obter máis beneficios a costa das traballadoras e traballadores.

Estamos a falar dunha empresa que, ademais, conta cun cadro de persoal cunha media de idade moi nova do entorno do conxunto da comarca; sendo da maioría dos casos persoas que accederon aquí ao seu primeiro posto de traballo, polo que o impacto na xa deteriorada economía comarcal sería considerábel -dado que non falamos só dos postos directos da empresa, senón dos que derivan da actividade que desenvolve- ademais de deixar desprotexidas a centos de familias.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, á vista desta situación, expresa a súa rotunda oposición non só a calquera tentativa de levar a cabo un inxustificado ERE extintivo, senón tamén a que se perda calquera posto de traballo ou se precaricen as condicións laborais do cadro de persoal. Máis aínda, tendo en conta que traballan para xigantes da industria téxtil, cómpre desenvolver unha activa política de negociación con estas empresas, nomeadamente Inditex, para que se manteñan os postos de traballo e os dereitos laborais acadados.

Nese sentido, alén de ter impulsado mocións nos diversos concellos da comarca, para o BNG é fundamental que o propio Parlamento de Galiza e a Xunta de Galiza se impliquen nesta cuestión e as e os traballadoras gañen apoio institucional e social. No momento de asinar esta iniciativa o ERE non está aínda presentado, mais é fundamental avanzar na defensa dos postos de traballo.

CSV: REXISTRO-4gQRkNh9A-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:21:28
Nº Rexistro: 42330
Data envio: 02/01/2019 11:21:28.852

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todos estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar o goberno galego para evitar despedimentos e precarización na empresa Noa Madera de Fene?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2019 11:20:46

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2019 11:20:51

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2019 11:20:52

CSV: REXISTRO-4gQRkNh9A-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:21:28
Nº Rexistro: 42330
Data envio: 02/01/2019 11:21:28.852

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2019 11:20:54

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2019 11:20:55

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2019 11:20:56

CSV: REXISTRO-4gQRkNh9A-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:27:06
Nº Rexistro: 42334
Data envio: 02/01/2019 11:27:06.476

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Galiza e, especialmente, as comarcas mineiras das Pontes e de Cerceda teñen sufrido un agravio por parte do Estado español canto os seus dereitos de desenvolvemento. Fundamentalmente en dous grandes acontecementos: dunha banda, no 2011 o goberno do Estado aplicou unha redución de máis do 50% en todas as partidas do Plan do Carbón II, no que estaba incluída Galiza. Esta decisión tivo continuidade en 2012, non permitindo realizar máis asignacións e destinando os fondos ao pagamento das obrigas xa contraídas. Por outra banda, cómpre recordar que o terceiro Plan 2013-2018, en vigor, tamén asinado polo Ministerio de Industria, Carbunión e os sindicatos estatais, excluía Galiza.

Excluíuse Galiza coa escusa que as nosa minas de carbón xa non producen, mais cómpre recordar que nin no momento nin na actualidade están oficialmente pechadas, pois estamos na fase de rexeneración ambiental e labores de peche de mina, como calquera outra do Estado na mesma situación. Froito das decisións do Partido Popular Galiza fica fóra, agás para actuacións *"de carácter excepcional, …., sempre a súa relevancia e ou seu grado de avance o xustifiquen" que nunca existen.* Polo tanto, se ben anteriormente se nos tiña discriminado e se tiñan incumprido os compromisos, no marco vixente até o presente ano estivemos directamente excluídos como país.

CSV: REXISTRO-EDbIscZxJ-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:27:06
Nº Rexistro: 42334
Data envio: 02/01/2019 11:27:06.476

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No mes de outubro de 2018 fíxose público que o goberno central e o sector da minaría do carbón firmaban un acordo para a transición xusta e o desenvolvemento sostíbel das comarcas mineiras. Porén, da análise dese só pode concluírse que, unha vez máis, Galiza ficará excluída dos seus beneficios; por exemplo Galiza fica sen dereito a axudas para infraestruturas e desenvolvemento económico. Esta é unha situación inaceptábel desde o punto de vista do país, máis aínda cando paira sobre as centrais térmicas a posibilidade dun peche nun prazo curto de tempo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer a Xunta de Galiza para que o noso país non estea excluído do novo acordo marco da minaría 2019-2027?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-EDbIscZxJ-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:27:06
Nº Rexistro: 42334
Data envio: 02/01/2019 11:27:06.476

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2019 11:26:30

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2019 11:26:35

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2019 11:26:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2019 11:26:38

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2019 11:26:39

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2019 11:26:41

CSV: REXISTRO-EDbIscZxJ-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:31:35
Nº Rexistro: 42336
Data envio: 02/01/2019 11:31:35.649

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás condicións laborais e de seguridade industrial e laboral nas obras do AVE no territorio galego, con especial atención a Ourense, e as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego.

Recentemente, outra morte no mes de outubro dun operario das obras do AVE que volcou en Laza (Ourense) sumado a recentes incidentes con lesións non causantes de morte, volven levantar dúbidas sobre a seguridade e as condicións laborais que se dan neste tipo de obra, unha situación especialmente grave por ser de financiamento público.

Cómpre recordar que con esta persoa son xa nove persoas falecidas na construción da presunta alta velocidade ao seu paso por Galiza durante case unha década. Unha cifra que non se pode permitir e o sindicato CIG xa avanzou a súa intención de volver denunciar penalmente esta situación.

Unha das cuestións que permanentemente saltan á vista é o abuso de xornadas irregulares e excesivas. Non en van, hai menos dun mes tamén se coñecía a condena a seis empresas construtoras do AVE entre Ourense e o Estado por adebedar até mil horas extraordinarias a un obreiro que tiña levado a cabo xornadas de ata doce horas diarias mesmo seis días á semana. Un exemplo da situación esclavista que se dá nesta zona,

CSV: REXISTRO-I3wHYiM0P-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:31:35
Nº Rexistro: 42336
Data envio: 02/01/2019 11:31:35.649

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

onde tamén a proximidade a Portugal e a falta de inspección facilita a sobreexplotación de traballadores transfronteirizos.

O que sucede nestas obras é o resultado da sobreexplotación no sector da construción, sen que Inspección, Fomento ou Xunta de Galiza activen os mecanismos dos que dispoñen para evitalo, o que supón unha actitude temeraria e convertérense en parte fundamental do problema.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai impulsar a Xunta de Galiza para atallar a grave situación laboral e de seguridade que se están a dar nas obras do AVE en Galiza, especialmente en Ourense?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-I3wHYiM0P-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:31:35
Nº Rexistro: 42336
Data envio: 02/01/2019 11:31:35.649

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2019 11:31:02

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2019 11:31:07

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2019 11:31:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2019 11:31:10

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2019 11:31:11

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2019 11:31:13

CSV: REXISTRO-I3wHYiM0P-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:35:42
Nº Rexistro: 42338
Data envio: 02/01/2019 11:35:42.345

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. Máis aínda, nun contexto social preocupante de aumento da pobreza, o acceso á enerxía, particularmente á eléctrica, é unha necesidade de primeira orde que está a ser impedida polo seu alto custo.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxeno dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico. Tamén no carbón, acrecentado posteriormente o desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

CSV: REXISTRO-GzqVfgC4n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

138185

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:35:42
Nº Rexistro: 42338
Data envio: 02/01/2019 11:35:42.345

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade. Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparellados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.

Máis aínda, por riba de non beneficiármonos do papel produtor, as e os galegos soportarán as consecuencias dos suplementos autonómicos no incremento das súas facturas, feito que demostra a falsidade sostida por todas as forzas estatais de que no Estado existe unha única factura. A tal esperpento sumase o récord histórico de prezo da electricidade no ano 2018.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que evite as dificultades as persoas con menor capacidade económica, contribúa á competencia empresarial e actúe de freo da desindustrialización. Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e posibilitar o seu desenvolvemento económico e industrial.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

CSV: REXISTRO-GzqVfgC4n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:35:42
Nº Rexistro: 42338
Data envio: 02/01/2019 11:35:42.345

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Canto máis ten que subir o prezo do recibo da luz en Galiza para que o goberno galego asuma a necesidade dunha tarifa eléctrica galega que teña en conta a nosa condición de produtores?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2019 11:34:57

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2019 11:35:03

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2019 11:35:04

CSV: REXISTRO-GzqVfgC4n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:35:42
Nº Rexistro: 42338
Data envio: 02/01/2019 11:35:42.345

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2019 11:35:06

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2019 11:35:07

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2019 11:35:08

CSV: REXISTRO-GzqVfgC4n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 12:04:12
Nº Rexistro: 42340
Data envio: 02/01/2019 12:04:12.029

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Na Galiza de 2018 continúa a ser unha tarefa pendente a de facer unha aposta seria e decidida desde os poderes públicos para favorecer a presenza e recoñecemento das mulleres nos ámbitos científico tecnolóxicos e da investigación.

Malia contar co histórico fito do desenvolvemento do I Programa Galego de Muller e Ciencia 2008-2012, o goberno de Núñez Feijóo deixouno esmorecer desde a súa chegada a goberno. Tal e como se recolle na introdución daquel Plan, foi concibido para "dar a coñecer na súa xusta dimensión a situación actual respecto da desigualdade de trato e de recoñecemento das mulleres nas ciencias e nas tecnoloxías e, por outro lado, cara á posta en marcha de accións encamiñadas a conseguir unha maior presenza das mulleres nestes ámbitos en condicións de igualdade cos seus compañeiros varóns".

A dimisión da práctica totalidade dos xefes de servizo de atención primaria da área sanitaria de Vigo, a máis grande de Galicia, resultou ser a gota que colmou o vaso dun cadro de persoal saturado, forzado a traballar en condicións de dificultade e precariedade. A situación viña de estar sendo alertada polos propios profesionais, que xa iniciaran outras accións de protestas como a folga de médicos nos meses de setembro a decembro, ou a folga dos profesionais dos PACs, que se ven mantendo nos últimos meses, sen que estas accións teñan resultado na política de recursos humanos do Goberno da Xunta de Galicia.

Outros sectores do sistema reséntense notoriamente desta política de recortes, que afecta de maneira especial á atención primaria e, por extensión, repercute noutros espazos como os servizos de urxencias (nos que destaca a folga do persoal de urxencias do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, que vai polo seu terceiro mes) ou as urxencias extrahospitalarias, onde o persoal do 061

CSV: REXISTRO-CXFHUypdx-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 11:05:57
Nº Rexistro: 42382
Data envio: 03/01/2019 11:05:57.461

está tamén continuadamente presentando protestas e reivindicacións non atendidas pola Consellería de Sanidade sobre cuestións organizativas, laborais e asistenciais.

Con este panorama, a reacción tardía do Goberno galego consistiu na apertura de comisións de traballo que, se ben poden constituír unha ferramenta, téñense amosado bastante ineficaces no pasado. Estas medidas, de carácter conceptual pero non de acción real, poderían ser de apoio pero debesen ser acompañadas de medidas concretas e de aplicación directa para afrontar os problemas estruturais do sistema en atención primaria, tales como, de entrada, elevar a cantidade de recursos humanos que o sistema ten e dotar de mellor calidade aos profesionais que traballan en ofrecer a atención sanitaria de calidade á poboación galega.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan a seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galicia que a súa política de recursos humanos para a atención primaria ten sido eficaz na última década?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/01/2019 11:02:12

Noela Blanco Rodríguez na data 03/01/2019 11:02:22

CSV: REXISTRO-CXFHUypdx-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:23:50
Nº Rexistro: 42426
Data envio: 03/01/2019 12:23:50.933

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á EDAR Os Praceres.

A Xunta de Galiza encargou un Plan de saneamento local da ría de Pontevedra que prevé a mellora da EDAR dos Praceres, a ampliación desta infraestrutura e un novo emisario submarino dimensionado para os vertidos da depuradora ampliada e de ENCE.

Estas propostas contan con un importante rexeitamento social na parroquia de Lourizán, que lle foi trasladado ao goberno galego nas xuntanzas que tiveron lugar no mes de novembro. Por outra parte, no pleno do pasado 9 de outubro, todas as forzas políticas do concello de Pontevedra aprobaron un acordo unánime de rexeitamento á proposta de ampliación da depuradora dos Praceres, por considerar que vai ter un impacto moi negativo na contorna e que existen outras alternativas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

CSV: REXISTRO-6yc6l2r0t-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:23:50
Nº Rexistro: 42426
Data envio: 03/01/2019 12:23:50.933

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai ter en conta a Xunta de Galiza o posicionamento unánime do pleno da corporación municipal de Pontevedra en contra da ampliación da depuradora dos Praceres?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2019 12:23:06

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2019 12:23:11

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2019 12:23:12

CSV: REXISTRO-6yc6l2r0t-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

138258

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:23:50
Nº Rexistro: 42426
Data envio: 03/01/2019 12:23:50.933

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2019 12:23:15

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2019 12:23:16

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2019 12:23:17

CSV: REXISTRO-6yc6l2r0t-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:53:08
Nº Rexistro: 42429
Data envio: 03/01/2019 12:53:08.014

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á protección da Serra do Galiñeiro.

A Serra do Galiñeiro esténdese dende o Macizo do Galiñeiro, entre os concellos de Vigo, Mos, O Porriño e Gondomar, seguindo unha dirección N-S cara ao Monte Aloia en Tui, con alturas que superan os 700 metros sobre o nivel do mar. Trátase dun macizo pétreo singular, de orixe granítico e orixinado polos intensos movementos continentais de hai 400 a 240 millóns de anos. Un verdadeiro paraíso rochoso e un emblema paisaxístico do Sur de Pontevedra, cunha silueta peculiar que o caracteriza, e que é visible desde moitos puntos da contorna a moitos quilómetros de distancia.

A cidadanía, amais de facer un uso responsábel da zona, entende e comparte a necesidade de conservación da Serra do Galiñeiro. Así, xa no ano 2010 multitude de colectivos sociais (veciñais, culturais, ecoloxistas, comunidades de montes, deportivos, etc.) adheríronse ao Manifesto pola defensa da Serra do Galiñeiro para preservar os seus valores paisaxísticos, arqueolóxicos, etnográficos, sociais e ecolóxicos; opoñéndose expresamente ás explotacións

CSV: REXISTRO-Ggrq5WBvp-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:53:08
Nº Rexistro: 42429
Data envio: 03/01/2019 12:53:08.014

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

industriais e non renovables, expresamente contra a construción do Parque Eólico, reclamando unha maior protección legal (dentro das categorías previstas na Lei de Conservación da Natureza) para este espazo, como pode ser a ampliación do Parque Natural do Monte Aloia a todo o cordal da Serra do Galiñeiro. Medida esta que foi solicitada no seu momento pola Comunidade de Montes de Vincios e iniciado o seu estudo para tramitación no ano 2008, polo goberno da Xunta de Galiza.

Nesta mesma liña, os plenos municipais da maior parte dos concellos da bisbarra teñen aprobadas mocións en apoio da conservación e protección da Serra. Ademais, por parte do BNG presentamos en novembro de 2012 alegacións ante a xefatura territorial de Pontevedra da Consellaría de Economía e Industria contra da instalación dun parque eólico na Serra do Galiñeiro, así como esiximos mediante mocións nos concellos e iniciativas no Parlamento Galego, que se declarase área protexida e a súa incorporación ao Parque Natural do Aloia.

Con estes antecedentes é de lamentar que no mes de xullo deste ano, representantes dun grupo saudí (Alfanar Group) asociado coa empresa madrileña Capital Energy, mantiveran xuntanzas con algúns concellos da serra para ver de impulsar outra vez o proxecto do citado Parque Eólico.

Todo isto por mor dun Goberno da Xunta inoperante que non foi quen de dotar á Serra do Galiñeiro da protección legal demandada ao longo destes anos, a pesar que en 2013 anunciou a súa decisión de ampliar a súa protección como "espazo natural local" toda vez que descartaba a súa integración no Parque

CSV: REXISTRO-Ggrq5WBvp-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:53:08
Nº Rexistro: 42429
Data envio: 03/01/2019 12:53:08.014

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Natural do Monte Aloia, feito este que impediría o desenvolvemento de calquera proxecto deste tipo na serra.

Por todo o exposto formulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Contempla o Goberno Galego a posibilidade de reconsiderar a inclusión da Serra do Galiñeiro dentro do Parque Natural do Monte Aloia?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO-Ggrq5WBvp-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

138262

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:53:08
Nº Rexistro: 42429
Data envio: 03/01/2019 12:53:08.014

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2019 12:52:25

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2019 12:52:30

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2019 12:52:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2019 12:52:33

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2019 12:52:35

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2019 12:52:36

CSV: REXISTRO-Ggrq5WBvp-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:55:29
Nº Rexistro: 42431
Data envio: 03/01/2019 12:55:29.982

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

1. A modernización da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto ten un longo historial de incumprimentos, atrasos e enganos. No ano 2006 os gobernos español e portugués incluíron o proxecto no plan conxunto de actuacións e fixaron a entrada en funcionamento do servizo no ano 2013. Coa escusa da crise estas previsións foron adiadas e precisamente nese ano 2013 adoptáronse algunhas decisións –sobre todo as supresión de 11 paradas- que permitiron reducir o tempo da viaxe desde as 3 horas ás 2 h e cuarto.

A pesar das melloras introducidas, a conexión ferroviaria Vigo-Porto ten aínda grandes carencias: tempo de duración da viaxe, limitación de horarios e frecuencias, inseguridade do trazado, trens anticuados...

2. Ao longo deste período de tempo fóronse anunciando sucesivamente os anos 2013, 2015 e 2017 (unha historia repetida noutros proxectos) para a posta en funcionamento da modernización da liña, que debe ter como obxectivo final comunicar Vigo e Porto en aproximadamente 75 minutos. Pero a realidade é que unha infraestrutura que é vital e estratéxica para a vertebración da área xeográfica segue acumulando dilacións, atrasos e trasacordos.

CSV: REXISTRO-c75bKC5si-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:55:29
Nº Rexistro: 42431
Data envio: 03/01/2019 12:55:29.982

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. O xoves 26 de xaneiro de 2017 tivo lugar en Vigo o foro "Vertebración ferroviaria da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal", organizado pola CEG e o Eixo Atlántico. Neste encontro, o secretario de Estado de Infraestruturas do goberno portugués, Guilherme D´Oliveira, anunciou as obras de modernización e electrificación da liña do Miño entre Porto e Valença cun investimento previsto de 83,2 millóns de euros nos 93 km que ten a liña. A previsión de remate das obras era daquela finais de 2019.

4. O compromiso do actual goberno portugués pola modernización da vía contrasta coa ausencia de iniciativa do goberno español e o silencio cómplice da Xunta de Galiza. Malia os acordos acadados na cimeira ibérica de Baiona en xuño de 2015, a realidade é que o goberno do Estado non impulsou ningunha actuación nin proxecto para modernizar o trazado e a liña que comunica Vigo coa fronteira portuguesa, cunha distancia de aproximadamente 30 km.

Proxectos como a saída sur de Vigo, a solución ao paso da liña férrea polo centro do Porriño, a supresión de pasos a nivel e o remate da electrificación da vía seguen gardados nalgún caixón do Ministerio de Fomento. No caso do proxecto da saída sur, que permitiría darlle continuidade ao trazado do eixo atlántico cara a Portugal pasando por Vigo, está paralizado polo Ministerio de Fomento desde o ano 2007.

Por outra parte, o Ministerio de Fomento adxudicou en 2011 á empresa Proyectos y Servicios a redacción do proxecto construtivo da plataforma do treito O Porriño-fronteira portuguesa do Eixo Atlántico de Alta Velocidade. Desde aquela non volveu haber novas da imprescindíbel mellora desta vía, que estaba incluída no Plan estratéxico de Infraestruturas do Transporte (PEIT) e formaba parte do proxecto prioritario número 19 da Rede Transeuropea de Transportes. Un dos obxectivos desta actuación

CSV: REXISTRO-c75bKC5si-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:55:29
Nº Rexistro: 42431
Data envio: 03/01/2019 12:55:29.982

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Ante esta situación, a Xunta de Galiza debe romper a actitude de silencio e complicidade cos sucesivos atrasos desta infraestrutura.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que xestións realizou o goberno galego para demandar ao goberno do Estado a mellora da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2019 12:54:27

CSV: REXISTRO-c75bKC5si-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

138266

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:55:29
Nº Rexistro: 42431
Data envio: 03/01/2019 12:55:29.982

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2019 12:54:32

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2019 12:54:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2019 12:54:35

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2019 12:54:36

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2019 12:54:38

CSV: REXISTRO-c75bKC5si-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 13:13:13
Nº Rexistro: 42438
Data envio: 03/01/2019 13:13:13.553

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Desde o nacionalismo galego temos denunciado repetidamente o disparatado funcionamento do mercado eléctrico no Estado español, máis aínda despois das modificacións de tarifas do Partido Popular, que non fixeron máis que contribuír ao escurantismo dun oligopolio cuxo funcionamento está nas antípodas da transparencia. Durante as décadas de aplicación puidemos ver tamén como recentemente, en aras do presunto "déficit tarifario" o emporio eléctrico mantén os seus beneficios a custo das persoas consumidoras, supoñendo un abuso ao tratarse dun ben de primeira necesidade que en realidade está a ser concibido como unha mera mercadoría.

A todo isto súmase que, dende o punto de vista territorial, é un sistema deseñado en base a unha óptica centralista que sitúa a Madrid como punto central e deseña o sistema obviando a distribución das fontes de electricidade e as consecuencias que ten esta produción sobre as poboacións e territorios que a acollen. Deste xeito, as políticas centralistas e ao servizo das eléctricas do Partido Popular teñen impedido a negociación dunha tarifa eléctrica galega con base na condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade malia que isto abriría as portas a unhas menores e máis controladas tarifas, redundando en última instancia no ben dos e das consumidoras domésticas e das empresas.

CSV: REXISTRO-6KhQFntxA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 13:13:13
Nº Rexistro: 42438
Data envio: 03/01/2019 13:13:13.553

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O ano 2018 foi fatídico para a suba do prezo da enerxía, pechándose como un dos máis caros da historia. Porén, parece que 2019 non vai ser menos duro de afrontar para as e os consumidores e que a escalada vai continuar, non funcionando as medidas postas en marcha por parte do goberno central nin habendo ningunha iniciativa política ao respecto por parte da Xunta de Galiza.

Malia que a parte regulada do recibo volte ficar conxelada no 2019 o ascenso no 'pool' apunta a que se manterá nos inicios de 2019 despois de fechar o 2018 cun prezo por riba dos 57 euros por megavatio hora (MWh), o más alto na última década. De feito, podemos constatar como a factura da luz pechou o último ano cun encarecemento interanual de máis do 2%.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa reposta oral en Pleno:

Que actuacións ten desenvolvido ou vai desenvolver o Goberno galego para evitar e paliar os abusos na suba da luz para as persoas usuarias?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

CSV: REXISTRO-6KhQFntxA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

138269

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 13:13:13
Nº Rexistro: 42438
Data envio: 03/01/2019 13:13:13.553

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2019 13:10:04

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2019 13:10:09

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2019 13:10:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2019 13:10:12

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2019 13:10:13

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2019 13:10:15

CSV: REXISTRO-6KhQFntxA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 42447
Data envio: 03/01/2019 14:01:27.272

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Nas últimas semanas de decembro do 2018 coñecéronse diferentes ameazas de Ferroatlántica aos seus centros produtivos en Galiza, que van dun anuncio de ERE en Sabón até a parada de dous fornos no centro de Cee-Dumbría.

Esta situación coincide no tempo cun momento de escalada do prezo da electricidade e de grande inestabilidade nas industrias electrointensivas por mor das mudanzas no sistema de interrumpibilidade e do resultado das poxas. Porén, ten nas súas raíces tamén décadas de falta de planificación industrial por parte da Xunta de Galiza e do goberno central como demostra esta situación e a doutras empresas electrointensivas como Alcoa.

Doutra banda, esta situación de risco perda de músculo industrial da economía galega é favorecida pola regulación do mercado de traballo despois das reformas laborais de PP e PSOE, que coartan a capacidade de negociación laboral da clase traballadora, e pola ausencia dun marco galego de relacións laborais. Así mesmo, é favorecida pola irracionalidade dunha regulación da enerxía eléctrica centralista que impide que Galiza aproveite ao seu favor a súa condición de país produtor excedentario e pola ausencia de fiscalización do Estado ao sector electrointensivo, que durante anos

CSV: REXISTRO-LyEFpLjyG-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 42447
Data envio: 03/01/2019 14:01:27.272

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ingresou importantes primas pola xestión da demanda sen que ninguén esixira a cambio o mantemento dos postos de traballo ou a modernización produtiva.

Máis aínda, cómpre tamén recordar que Ferroatlántica explota as centrais hidroeléctricas do río Xallas a cambio do mantemento da produción industrial e dos postos de traballo na Costa da Morte. Esta empresa ten recibido grandes beneficios por esta condición, poré, ten aplicado un modelo de explotación absolutamente neocolonial no que esquilma os nosos recursos ao tempo que non desenvolve investimentos na modernización da empresa e incumpre sistematicamente os compromisos de mantemento e aumento do emprego.

Recentemente, no ano 2017, o grupo de Villar Mir pretendeu levar a cabo unha operación de especulación intentando vender as centrais do río Xallas, que son unha cesión pública baixo unha serie de compromisos de mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo. Porén, a forza colectiva dos e das traballadoras e do pobo galego conseguiron facer presión para que iso non chegara a acontecer.

Vemos, nesta nova sombra de ERE e outro tipo de medidas que poderían afectar aos case 300 traballadores do cadro de persoal máis outras 100 persoas entre eventuais e auxiliares, unha operación que busca castigar as fábricas galegas, que son rendíbeis economicamente, nun intento de vinganza e chantaxe que non se pode consentir.

Nas últimas semanas os traballadores coñecían a decisión inxustificada de pechar dous fornos da planta de Cee-Dumbría durante os seis primeiros meses do ano, mais sen certeza de que tal decisión non acabe sendo definitiva. Así mesmo, a comezos do 2019 Ferroatlántica trasladaba materia prima fundamental para a actividade produtiva da Costa da Morte a Francia, o cal é unha clara evidencia das intencións do Grupo de Villar Mir: desviar a produción a outras empresas do grupo para así poder

CSV: REXISTRO-LyEFpLjyG-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

138272

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 42447
Data envio: 03/01/2019 14:01:27.272

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xustificar con base á redución da produción calquera expediente de regulación de emprego.

Así mesmo, a paralización destes fornos xa ten suposto perda en materia de emprego, tanto das auxiliares como do persoal eventual que nestas datas non foi chamado para traballar. Unha situación que se prolongará á empresa matriz de se formalizar un expediente de emprego agardado para os próximos meses.

Estamos diante dunha situación excepcional que require dunha forte intermediación por parte das administracións para evitar que o modelo de industria colonial que se ten aplicado, sumado ao irracional sistema de xestión eléctrica, supoñan novas perdas en materia de emprego e tecido industrial.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para impedir a perda de postos de traballo de Ferroatlántica en Galiza?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

CSV: REXISTRO-LyEFpLjyG-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

138273

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 42447
Data envio: 03/01/2019 14:01:27.272

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2019 13:50:21

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2019 13:50:25

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2019 13:50:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2019 13:50:28

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2019 13:50:29

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2019 13:50:30

CSV: REXISTRO-LyEFpLjyG-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 42450
Data envio: 03/01/2019 14:34:30.001

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

A actividade por parte das entidades financeiras segue a estar rodeada de prácticas pouco transparentes e garantistas para cos dereitos das persoas usuarias e co bo devir da economía en xeral. Recentemente, fíxose pública de forma polémica a sentenza respecto dos impostos ás hipotecas, que se estiman nunha recadación de até 5.000 millóns de euros.

O pasado día 6 de novembro coñeceuse como o Tribunal Supremo, cunha axustadísima votación, anulaba de facto a doutrina que tiñan abalado até tres sentenzas ao ditaminar previamente que era a banca e non a clientela quen debían pagar o imposto das hipotecas. Un ditame que chegaba nun contexto de fortes presións dos sectores económicos e financeiros

Ao fío desta cuestión, cómpre denunciar que sen un sistema xudicial independente non pode haber unha democracia digna de tal nome e que se observa unha vez máis como as deficiencias na calidade democrática do Estado español están directamente relacionada cun sistema xudicial intrinsecamente centralista, clasista e machista; e coa súa subordinación aos poderes político e

CSV: REXISTRO-J6KvgdGMc-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 42450
Data envio: 03/01/2019 14:34:30.001

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económico. Unha situación cuxas consecuencias repercuten tamén nos galegos e galegas e diante da que cómpre actuar.

Despois de que o Supremo acordara que sexa a ou o cliente quen aboe o imposto de Actos Xurídicos Documentados vinculado á sinatura dunha hipoteca, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que a Fiscalía Xeral do Estado debera estar obrigada a investigar se en todo este proceso houbo actuacións constitutivas de delito ao ser mudada de forma radical a orientación dunha sentenza no seu paso a ser firme, máis aínda tendo en contra que na doutrina precedente o sentido era inverso.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten valorado o goberno galego acudir á fiscalía con motivo de que esta investigue se houbo delito no proceso de sentenza a respecto do imposto hipotecario?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

CSV: REXISTRO-J6KvgdGMc-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

138276

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 42450
Data envio: 03/01/2019 14:34:30.001

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2019 14:33:55

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2019 14:34:00

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2019 14:34:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2019 14:34:02

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2019 14:34:04

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2019 14:34:05

CSV: REXISTRO-J6KvgdGMc-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2019 10:14:05
Nº Rexistro: 42454
Data envio: 04/01/2019 10:14:05.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre as razóns da suspensión da actividade no Laboratorio de Saúde Pública de Galiza, en Lugo, e as medidas que está a desenvolver a Xunta de Galiza ao respecto.

En decembro de 2018 a Xunta de Galiza acordou suspender a actividade do Laboratorio de Saúde Pública de Galiza na cidade de Lugo. Este espazo de referencia para o conxunto do país desde 2014 atopábase situado nun edificio na rúa Montevideo. No concreto, no terceiro andar da delegación territorial de Sanidade.

A finais do pasado ano fíxose público que parte do cadro de persoal do laboratorio –por volta de 50 persoas-- así como traballadoras e traballadores doutras áreas situadas próximas a este, sufrían diversos síntomas que estarían relacionados co mal estado do ar nesta zona do edificio. Mareos, picor nos ollos, problemas estomacais… problemas de saúde laboral que foron denunciados, ademais de á Consellaría de Sanidade, diante da Inspección de Traballo.

Despois de clausurar o Laboratorio, segundo o delegado territorial da Xunta de Galiza en Lugo, José Manuel Balseiro, o goberno encargou a unha empresa externa especializada a avaliación e identificación da causa da contaminación no ar do edificio así como a creación dun gabinete técnico para facer seguimento das distintas medidas

CSV: REXISTRO-7Kc41GYX5-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2019 10:14:05
Nº Rexistro: 42454
Data envio: 04/01/2019 10:14:05.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

levadas a cabo para solucionar os problemas detectados e retomar a actividade do laboratorio.

Até o momento, descoñécense os resultados deses estudos e continúan sen se esclarecer as razóns que causaron prexuízos na saúde das traballadoras e traballadores do edificio.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten adoptado até o momento o Goberno galego para garantir as condicións de traballo neste lugar?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-7Kc41GYX5-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

138279

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2019 10:14:05
Nº Rexistro: 42454
Data envio: 04/01/2019 10:14:05.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/01/2019 10:11:57

María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2019 10:12:03

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2019 10:12:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/01/2019 10:12:06

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2019 10:12:07

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2019 10:12:09

CSV: REXISTRO-7Kc41GYX5-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2019 11:47:23
Nº Rexistro: 42467
Data envio: 04/01/2019 11:47:23.815

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o sua resposta oral en **Pleno, relativa ao peche de dous fornos en Ferroatlántica Cee**

Ferroatlántica anuncia o peche durante seis meses dos seus fornos nº 13 e 14 onde fabrica Ferromanganeso.

Isto implica a paralización de varias empresas auxiliares, a non renovación de contratos eventuais e o risco de presentación dun ERE por parte da empresa.

As escusas da empresa, xustificadas na baixada das axudas de interrumpibilidade, son totalmente inadmisibles tendo en conta as características de autoprodutor que ten a compañía, o que lle permitiría abastecerse de electricidade a custos moi inferiores as do mercado. Pero parece que Ferroatlántica prefire facer un negocio fabuloso vendendo a enerxía no mercado no canto de abastecer ás súas propias factorías, condición que sustenta a concesión das centrais.

As materias primas para a fabricación de ferromanganeso xa están a ser trasladadas a outras factorías de fora de España para, desde alá, aprovisionar aos clientes actuais de Cee e Dumbría.

Ante esta situación, En Marea presenta a seguinte Pregunta ao Goberno da Xunta de Galicia, para a súa resposta oral en Pleno:

CSV: REXISTRO-AxmKwnLhu-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2019 11:47:23
Nº Rexistro: 42467
Data envio: 04/01/2019 11:47:23.815

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Ante a evidencia da parada de fornos en Ferroátlantica, que actuacións pensa desenvolver a Xunta de Galicia para evitalo ante un posible incumprimento das condicións da concesión administrativa das centrais hidráulicas?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 04/01/2019 11:46:24

CSV: REXISTRO-AxmKwnLhu-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727